


IGADI ANNUAL REPORT 2021-2022

Desorde pandémica, interdependencias e guerra




INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.gal



Desorde pandémica, interdependencias e guerra



Edición: Daniel González Palau (Director IGADI) e Marola Novas Padín (Vicedirectora IGADI e analista do Observatorio de la Política China).

Equipo colaborador: Alberto Trillo Barca, Bichara Khader, Raquel Isamara León de la Rosa, Pan Zhen, Lan Bo, Miriam González Francisco, Xosé Veiras, Isaac González, Alejandro Molíns, Rafael García e Antía Caramés.

Equipo de tradución e revisión: Ana Doval, Pablo Fernández e Raúl de la Torre.

Maquetación: BREO.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: As opinións expresadas non reflicten necesariamente as do IGADI e son responsabilidade dos seus autores.

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),
subscríbete ao noso [boletín electrónico](#) na páxina web
[www.igadi.gal](#) ou escríbenos a info@igadi.gal.

A edición deste informe contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Índice

1. Presentación: 30 anos do IGADI e 15 anos do Igadi Annual Report.....	4
1.1. 30 anos do IGADI no 2021-2022	5
1.2. Equipo IAR 2021-2022	6
2. As Chaves de 2021	
2.1. A pandemia da COVID-19: última palabra?	10
2.2. A persistencia da ambición americana: De Donald Trump a Joe Biden	11
2.3. A COVID-0 e a prosperidade común de Xi	12
2.4. Da desorde loxística á crise enerxética: as interdependencias no S.XX	13
2.5. A Axenda 2030 e a COVID-19	14
3. As Perspectivas 2022	
3.1. A Guerra da Ucraína	15
3.2. Alemaña e Francia, capitais da Unión Europea desconxelada	17
3.3. Choque de civilizacións e grande realiañamento?	19
3.4. Onda progresista nas Américas?	21
3.5. 15 anos de IAR para intuír un futuro”	22
4. Reflexións por áreas xeográficas 2021-2022	
4.1. Afganistán: da crise ignorada do campo á guerra sen armas. Por Alberto Trillo Barca	24
4.2. Europa e a cuestión de Palestina (1948 – 2022): Diplomacia declarativa pero desdentada. Por Bichara Khader	27
4.3. China en 2022: institucións, liderado e pobo. Por Raquel Isamara León de la Rosa	32
4.4. A Diplomacia Olímpica nun mundo en Pandemia: De Tokio a Beijing. Por Pan Zhen e Lan Bo	34
4.5. Guerra na Ucraína: A Europa fracturada. Por Miriam Francisco	36
5. Reflexións transversais 2021-2022	
5.1. Glasgow 2021: A fenda entre as palabras e a acción climática. Por Xosé Veiras	39
5.2. Criptomonedas, burbulla ou revolución? Por Isaac González	41
5.3. A pandemia loxística. Por Alejandro Molíns	44
5.4. A guerra de Ucraína e a fin da orde internacional liberal. Por Rafael García Pérez	46
5.5. As inequidades no acceso ao dereito ao refuxio. Un chanzo máis na xerarquía das mobilidades. Por Antía Pérez Caramés	48
6. As personaxes do ano: Simone Biles, Olaf Scholz, Ngozi Okonjo-Iweala, Xiomara Castro, Volodímír Zelenski	50

1.

Presentación: 30 anos do IGADI e 15 anos do Igadi Annual Report

Se no 2021 titulamos o IAR 2020-2021 **“Nova normalidade e sociedade de risco global”** un ano despois o IAR 2021-2022 ten que apuntar de maneira central ao novo teatro de operacións mundiais que a guerra entre Rusia e Ucraína protagoniza, coa moi tensa participación indirecta da OTAN e demais convidados, de Finlandia e Suecia a China ou a India, por citar algúns.

Ademais, coma no IAR 2019-2020, cando titulamos **“Da Guerra Comercial á Covid-19”** coa emerxencia da pandemia, vímonos na obriga de adiar a saída do IAR 21-22 programado inicialmente para o mes de marzo, agardando que o mapa europeo evoluisse e amosara parte do novo escenario que emerxe e nace agora mesmo.

Ao tempo, os acontecementos coinciden co décimo quinto aniversario do noso informe anual, *Igadi Annual Report*. Desde esa perspectiva e os acontecementos actuais, ao repaso dos seus títulos, desde a primeira edición, IAR 2007-2008 **“Cara unha estabilidade multipolar”**, até a última edición que pecha Xulio Ríos ao fronte. 2018-2019, coma o seu editor principal **“En rumbo de colisión”**, as claves e as perspectivas, así coma os focos temáticos e xeográficos, amosan un IAR fiable. Quince anos que acertan identificando as dinámicas de longo e de curto prazo, así coma as axendas que foron

gañando espazo nas relacións internacionais de hoxe e do futuro.

Desta maneira, a edición deste ano ábrese así a seguir a perfilar o nacemento dese mundo novo, onde as vellas estruturas e normas, coma as alianzas militares, o patrón dólar ou o libre comercio, están baixo presión, agora coa ameaza nuclear intoxicando a atmosfera. En calquera caso e evolúa coma evoluir a Guerra na Ucraína, a fragmentación e o cambio de regras arredor da xestión do poder na sociedade internacional, está a derramar décadas de cambio e estancamento na sociedade global edificada co final da Guerra Fría, retratados nas catorce pasadas edicións do IAR e na propia historia do IGADI que arranca co final da Guerra Fría no 1991.

Así, xa ben avanzado o ano 2022, presentamos de maneira panorámica as variables e as ideas fortes que construíron o 2021 así coma os acontecementos e as tendencias a observar de maneira particular durante os próximos meses e anos, onde a pandemia e a guerra conflúen coas interdependencias do mundo globalizado, así coma cun desorde fraguado décadas atrás e que explotou coa pandemia.

Trala análise as Chaves do 2021 e as Perspectivas para o 2022, das mans dos nosos investigadores achegámonos de maneira xeográfica a escenarios significados no 21-22, como Afganistán, as relacións europalestinas, a China e a diplomacia olímpica en Tokio e Beijing, e finalmente a Rusia e o mundo exsoviético.

De maneira transversal, pensamos tamén o evoluir da crise ecolóxica coa Cimeira de Glasgow, a emerxencia das moedas dixitais e o *blockchain*, a crise loxística e de transportes, a guerra da Ucraína e a crise da

orde liberal, e por último, o dereito ao refuxio no contexto actual. Todos, escenarios, acontecementos e temas que emerxeron coma definitivos de debates globais, que debullaron o 2021 e que seguirán a estar presentes no 2022.

Por último pechamos o IAR coas Personaxes do ano, nos que apostamos por distinguir figuras do 2021 e o 2022, que asociamos cos temas, as chaves e as perspectivas que presentamos ao longo de todo o anuario.

1.1. 30 anos do IGADI no 2022

En 1991, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI (www.igadi.gal), naceu como un proxecto independente de partidos ou empresas, co propósito de construír un *think tank* para as relacións internacionais capaz de proxectar a Galicia na sociedade global.

Entre os fitos desde a súa fundación, cómpre destacar que:

- O IGADI publica cunha periodicidade semestral a súa revista académica de relacións internacionais e estudos globais, *Tempo Exterior*, cun consello de redacción e consello científico ligado á universidade galega e internacional.
- O IGADI publica regularmente informes anuais, como o *IGADI Annual Report*, de relacións internacionais e xeopolítica global, e o seu anuario sobre a acción exterior de Galicia, *Nós No Mundo*.
- O IGADI converteuse nos seus trinta anos de actividade nunha escola e canteira de analistas en xeopolítica e estudos globais de referencia, situándose notablemente entre os *think tanks* do

estado español, segundo o ránking que elabora cada exercicio a Universidade de Pensilvania.

- O IGADI elaborou o primeiro Libro branco da acción exterior de Galicia no ano 2003, durante a presidencia de Manuel Fraga.
- O IGADI é unha entidade de recoñecido prestixio no ámbito dos estudos chineses, impulsor do Observatorio de la Política China. Xulio Ríos, fundador e presidente de honra da entidade, gañou o premio Cátedra China en 2018 e o premio Casa Asia en 2020.
- O IGADI deseñou e puxo en marcha en 2009 o proxecto *OGALUS* (Observatorio Galego da Lusofonía) que, atendendo ás realidades, historia, sinerxías e intereses do país, atende de xeito permanente ao espazo internacional da lusofonía. No 2022 organizou co CEPESE e a Universidade Fernando Pessoa o II Congreso de Acción Humanitaria e Cooperación para o Desenvolvemento.
- O IGADI forma parte, na súa calidade de entidade experta, do Consello galego de acción exterior da Xunta de Galicia desde a súa constitución en 2010.
- No marco da Estratexia galega de acción exterior (EGAEX) impulsada pola Xunta de Galicia, en funcionamento desde o 1 de marzo de 2018, cítase expresamente ao IGADI como actor chave para a acción exterior de Galicia en Asia e China. Na EGAEX, no seu balance histórico, tamén se reconece a participación do IGADI nos principais consensos arredor da traxectoria da acción exterior de Galicia.
- O IGADI elaborou durante o mandato municipal 2015-2019 os estudos para

as *Bases de acción exterior* dos concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo. O 21 de marzo de 2019 o pleno do Concello da Coruña aprobou por unanimidade, co voto favorable de todos os grupos, a declaración institucional “*A Coruña no mundo global do século XXI*” en apoio ao devandito documento.

- O IGADI executou o proxecto “*O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente*” entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de outubro de 2020, froito da convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia “O teu Xacobeo”. A iniciativa representou de facto un fito na historia das relacións entre Galicia, España e China.
- O IGADI realizou, o 17 de decembro de 2020, un encontro global online con investigadores de até 17 países para reflexionar e abordar o estado do mundo trala pandemia da COVID-19, e todo co ánimo de impulsar unha maior cooperación internacional e tradución cultural fronte aos riscos globais no marco do impulso do ideario fundacional das Nacións Unidas, principio estatutario da asociación.
- Durante o 2021 o IGADI realizou estudos de investigación para distintas institucións galegas, fundacións de ámbito internacional e empresas, sempre en liña cos nosos ámbitos de investigación estratéxica: xeopolítica e seguridade, paradiplomacia e acción exterior e cooperación internacional.
- O 10 de setembro do 2021 o IGADI cumpriu 30 anos e o 1 de outubro celebrámo-lo nun acto no Consello da Cultura de

Galicia, onde festexamos a nosa historia apostando por darlle continuidade ao tempo que innovando novas posibilidades. Na celebración do 30 aniversario presentáronse os Libros Homenaxe a Xulio Ríos “*Unha vida de compromiso para unha Galicia universal*” e “*De Galicia a China: Donde hay voluntad hay un camino*”.

O IGADI é unha plataforma para investigadores de todo o mundo, pola súa difusión e impacto, para vehicular análises e opinións sobre a actualidade internacional, arredor daquelas cuestións que determinan o devir e perspectivas en Galicia e no mundo. A través do seu portal (www.igadi.gal), de medios de comunicación e centros de investigación asociados ao longo do planeta, o IGADI auspicia cada ano a publicación de centos de artigos e publicacións regulares como esta edición do *Igadi Annual Report*.

En marzo de 2022 renovou a súa Xunta Directiva, avanzando no relevo xeracional da entidade, cun espírito baseado no mantemento dos principios fundacionais e co ánimo de consolidar o proxecto sólido a medio e longo prazo.

O 10 de setembro do 2022 o IGADI cumprirá 31 anos.

1.2. Equipo IAR 2020-2021

O equipo do IGADI Annual Report 2021-2022 confórmase por especialistas galegos e internacionais, combinando a participación de analistas con traxectorias consolidadas e novos valores vinculados ao equipo humano do IGADI.

O IGADI Annual Report, coma informe anual de relacións internacionais e política global, cumpre no 2022 o seu 15º aniversario, xa que a primeira edición arranca co IAR 2007-2008.

Cómpre agradecer o traballo de tradución e revisión na que neste 2022 participaron a tradutora Ana Doval e os tradutores Pablo Fernández e Raúl de la Torre.

Editores IAR 2020-2021:



DANIEL GONZÁLEZ PALAU
é director do IGADI.



MAROLA PADÍN NOVAS
é vicedirectora do IGADI e analista do Observatorio de la Política China.

Achegas por áreas xeográficas e transversais IAR 2020-2021:



ALBERTO TRILLO BARCA
é investigador asociado do IGADI. Actualmente oficial de medios de comunicación globais para o Fondo Internacional para o Desenvolvemento Agrícola (FIDA) das Nacións Unidas, con sede en Roma, Italia. Alberto traballou como responsable de comunicaci-

ón, promoción e informes da Organización para a Alimentación e a Agricultura das Nacións Unidas (FAO) en Afganistán desde (2021-2022). Anteriormente exerceu este como responsable de comunicación para a representación da FAO en Somalia (2019-2020). Antes destas experiencias sobre o terreo, realizara varias consultorías no eido da comunicación para a FAO na súa sede mundial en Roma (2014-2019). Traballou en temas de innovación agrícola, movementos sociais e ONG no ámbito da seguridade alimentaria, cooperación Sur-Sur, e investigación sobre a contribución dos pequenos agricultores á seguridade alimentaria. Licenciado en Xornalismo (Universidade de Santiago de Compostela), e con máster en Relacións Internacionais (Universidade CEU-San Pablo) e Xestión Internacional da Empresa (Universidade Internacional Menéndez Pelayo - como bolseiro de internacionalización ICEX), Alberto Trillo Barca está especializado en dirección de comunicación corporativa, xestión de relacións cos medios comunicación e comunicación de crise no contexto da axuda humanitaria. Posúe tamén un posgraduado de especialización en fotografía (Michigan State University).



BICHARA KHADER
é investigador asociado do IGADI e membro do Consello Científico da Revista Tempo Exterior. Profesor emérito da Universidade Católica de Lovaina e fundador do Centro de Estudo e Investigación do Mundo Contemporáneo Árabe. Formou parte do Grupo de Altos Expertos na Política Estranxeira Europea e Seguridade Común (Comisión Europea) e membro do Grupo de Sabios en

diálogo cultural do Mediterráneo (presidencia europea). Na actualidade, é un profesor convidado en varias universidades europeas e do mundo árabe, e editou e publicou trinta libros sobre o mundo árabe, a relación de Europa co mesmo, as relacións de Europa co Mediterráneo e as relacións de Europa con Palestina.



**RAQUEL ISAMARA LEÓN
DE LA ROSA**

é investigadora asociado do IGADI, analista do Observatorio de la Política China e membro do Consello Científico da Revista Tempo Exterior. Doutora con honores en Relacións Transpacíficas pola Universidade de Colima. Delegada mexicana da sección académica do programa “Ponte ao Futuro” do Foro China-CELAC. Participante en workshops organizados polo Departamento Internacional do Comité Central do Partido Comunista Chino e a Comisión Económica para América Latina e o Caribe. Membro investigador do programa “China e América Latina” do Diálogo Interamericano en Washington, D.C. Membro do Sistema Nacional de Investigadores do Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, nivel C.



PAN ZHEN

é investigador asociado do IGADI. Director de Institute For China-LAC People-to-People Exchange (ICLPE) e Decano de Linguas Estranxeiras da Jiangsu Normal University (JSNU).



LAN BO

é investigador asociado do IGADI. Profesor e vicedecano da Facultade de filoloxía hispánica da Universidade Normal de Jiangsu (JSNU), investigador no Centro internacional para o estudo de Iberoamérica (CICIIA) e no Instituto de intercambio de persoas entre China e América Latina (IIPPCAL).



**MIRIAM GONZÁLEZ
FRANCISCO**

é investigadora asociada do IGADI. Xornalista especializada en Rusia e espazo postsoviético. Master en comunicación da defensa e dos conflitos armados na Universidade Complutense de Madrid, máster en fenomenoloxía terrorista pola Universidade de Granada e máster en estudos internacionais pola Universidade de Santiago de Compostela.



XOSÉ VEIRAS GARCÍA

é licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago e diplomado especialista en sustentabilidade, ética ecolóxica e educación ambiental pola Universidade Politécnica de Valencia. Educador e consultor ambiental. Autor de artigos sobre a crise climática desde unha perspectiva galega en medios de información e libros colectivos e de informes sobre a evolución das emisións territoriais de gases de efecto invernadoiro en Galicia. Colabora co IGADI Annual Report 2021-2022.



ISAAC GONZÁLEZ

é enxeñeiro informático, mestrado en administración de empresas e doutorando en Finanzas Descentralizadas. Combina a docencia en informática co estudo do mundo das cripto moedas e a realización de proxectos de emprendemento e innovación. Colabora co IGADI Annual Report 2021-2022.



ALEJANDRO MOLÍNS

é membro do Consello Reitor do IGADI. É graduado en Dirección e Administración de Empresas por ICADE (UP-Comillas) e en Dirección de Empresas de comercio exterior CECO (UPM) entre outros moitos títulos académicos. Alejandro conta cunha longa traxectoria no mundo da consultoría, auditoría e formación arredor da internacionalización económica (loxística, marketing, compras, negociación, subcontratación), traballando para empresas e institucións internacionais, así mesmo conta con publicacións e coautorías en estudos como “Plataformas logísticas en EE. UU., China y Rusia” para a FICE (Noviembre 2007), “Internacionalización de la PYME” EOI 2009, “Manual de Transporte y logística Internacional” CECO2013(C), “Manual de Transporte Internacional” UDIMA 2011 ou o “Curso de formación do BID sobre Logística (2016-2017)”. É presidente do Fondo Documental Alejandro Molíns, sobre a transición española e as relacións internacionais da Guerra Fría, no Concello madrileño de Tres Cantos.



RAFAEL GARCÍA

é investigador asociado do IGADI e membro do Consello Científico da Revista Tempo Exterior. É Profesor titular de Relacións Internacionais na Facultade de Dereito da Universidade Pablo de Olavide (Sevilla). Anteriormente, foi profesor da Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela (1995-2019). Tamén é profesor do Instituto Universitario General Gutiérrez Mellado (UNED, Madrid), desde 2002.



ANTÍA PÉREZ CARAMÉS

é investigadora asociado do IGADI é membro do Consello Científico da Revista Tempo Exterior. É Profesora Contratada Doutora no Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña. Licenciada e Doutora en Socioloxía, conta con formación especializada nos ámbitos da Demografía e as Migracións Internacionais. Integra o Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI, www.esomi.es), un grupo de investigación especializado na análise dos procesos migratorios e de mobilidade, así como o Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF), ambos na Universidade da Coruña. Forma parte do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega. As súas liñas de investigación xiran en torno ao estudo das migracións internacionais, o envellecemento demográfico e a análise das relacións de xénero e os coidados.

2.

As Chaves do 2021

2.1. A pandemia da COVID-19: última palabra?

A Organización Mundial da Saúde (OMS) indica que entre xaneiro de 2020 e xaneiro do 2022 morreron 5,9 millóns de habitantes do planeta. Sen embargo, un novo estudo que viu a luz no mes de marzo de 2022 estima que houbo 18,2 millóns de mortes, o triplo. A investigación, dirixida por Haidong Wang, do Instituto de Métrica e Avaliación Sanitaria de EE. UU. publicado por *The Lancet*, basea os seus resultados no contraste entre as mortes rexistradas por COVID-19 nos distintos Estados da comunidade internacional e a diferenza na mortalidade total en relación aos anos anteriores á explosión do virus.

Se algo nos ensinou a pandemia é que os medios humanos e técnicos, así coma de coñecemento científico, sendo imprescindibles para minorizar os efectos negativos da chegada da COVID-19, son insuficientes para rastrear, coñecer e predicir o seguinte episodio con precisión. Nesa continuidade desde marzo do 2020 en Europa, o 2021, o segundo ano da pandemia, desenvolveuse entre o entusiasmo da vacinación universal e as inconsistencias e contradicións desatadas nunha situación radicalmente nova, a que desde o 2020 mantén en estrés sanitario e loxístico ao planeta.

Tralas agonías e os desastres dos confinamentos en Asia, Europa e o mundo entei-

ro durante o 2020, a finais dese mesmo ano fíxose realidade aquela primeira idea dunha consecución express das vacinas. Así a *Food and Drug Administration (FDA)* dos Estados Unidos aprobou a vacina *Pfizer-BioNTech* o 11 de decembro de 2020 e uns días despois deu luz verde á fabricada por *Moderna*. Tamén o 30 de decembro o Reino Unido aprobou o da Universidade de Oxford e a farmacéutica *AstraZeneca*. Arredor do mundo sucedíanse as novas vacinas, patrocinadas por países coma China (*Sinopharm, Sinovac e CanSino*), Rusia (*Sputnik*), India (*Covaxin*) Cuba (*Soberana*). Estímase que se subministraron máis de 8.000 millóns de doses en polo menos 197 países.

Noutra ocasión máis, a desigualdade apareceu como elemento estrela á hora de pensar os impactos da COVID-19 no planeta. Así, o 21 de decembro do 2021 o Banco Mundial publicaba na súa páxina web e redes sociais o “*Resumo do ano 2021 en 11 gráficos: a pandemia da desigualdade*” que con 11 sinxelos gráficos de clasificación por países, presentaba o aumento da desigualdade, tanto dentro de cada país, coma entre países, en indicadores coma o impacto por nivel de ingresos, o impacto nos niveis das débedas externas e o aumento dos niveis de pobreza, coma parte extrema do descenso xeneralizado dos niveis de vida e de benestar.

Así as cousas, a sucesión durante o 2021 de novas ondas da pandemia arredor do planeta, así como a activación e desactivación de medidas preventivas nos distintos países e zonas rexionais debuxaron un mosaico complexo arredor da xestión da crise sanitaria e as interdependencias planetarias. En todo momento houbo un contraste claro entre o modelo occidental e o asiático á hora de abor-

dar o problema de saúde pública e os distintos impactos nas cadeas de loxística e distribución.

No 2021 destacou tamén a emerxencia e a contundencia do movemento negacionista do virus e as vacinas arredor do globo, así como a identificación de novos efectos adversos produto da pandemia, onde a saúde mental agromou coma debate relevante nos cinco continentes. Expresións coma *Coronafobia* ou *fatiga pandémica* engadíronse ao Dicionario da pandemia.

Xa no 2022 e no impacto aínda por determinar da Guerra en Ucraína desatada pola invasión, a pandemia descendeu abruptamente a súa exposición pública nos medios de comunicación europeos e todos os indicadores xerais amosan melloras positivas en relación á redución da mortalidade por COVID-19. Sen embargo, episodios sorprendentes, coma os novos confinamentos masivos na China e a persistencia na estratexia da COVID-0, non acaban de concretar a volta á vella globalización, que mesmo sinte as ameazas da crise ambiental con potenciais episodios epidémicos novos, como o virus da variola do mono.

De feito, o confinamento de Shanghai en abril e maio do 2022, con fortes impactos sobre comercio global, ou a explosión de casos en Corea do Norte, dan mostra de potenciais episodios futuros coa COVID-19. Entre a estratexia COVID-0 e a *gripalización no 2022 segue a sentirse o desorde pandémico*.

2.2. A persistencia da ambición americana: De Donald Trump a Joe Biden

Joe Biden, que comezou o 2021, antes da súa proclamación, co asalto ao Coliseo estadounidense o 6 de xaneiro, foi nomeado Presidente dos EE. UU. o 23 de marzo, conseguindo abrir un tempo con perfil definido propio, claramente demócrata e continuador do seu propio legado coma Vicepresidente de Barack Obama.

Como agardado, no marco da polarización da sociedade estadounidense e as eleccións do 2020 (a normalización das acusacións de rebeldía a Donald Trump pola non asunción dos resultados electorais e as declaracións cruzadas de golpes de estado e trampas) o primeiro ano de Joe Biden combinou éxitos e fracasos en política interior e exterior, acusando sobre todo as fotografías da retirada dos EE. UU. de Afganistán e a volta ao poder dos talibán.

Joe Biden trazou un mapa de prioridades en política exterior, de maneira brillante ancorado á narrativa do combate entre as democracias e as autocracias, o que se visualizou nunha das fotos do ano coa Cimeira das Democracias, organizadas a finais do 2021. Da man, a liña de confrontación coa China en ámbitos militares, tecnolóxicos, económicos e ideolóxicos, nos que o boicota aos Xogos Olímpicos de Inverno Beijing 2022 foi outro movemento nesa taboleiro que aspira a dividir en mesas ás democracias e as autocracias.

Nesa confrontación coa China abertamente publicada, Joe Biden manobrou tamén de maneira sobria no ámbito da intelixencia reimpusando alianzas de seguridade tradicionais como o *AUKUS* (Australia,

Reino Unido e EE. UU) a *OTAN* e os *Cinco Ollos* (Australia, Canadá, Nova Zelandia, Reino Unido e EE. UU) así coma estimulando estruturas máis novas, 2007, como o *QUAD* (EE. UUs, India, Xapón e Australia) ou desde outra natureza estratéxica, a *Build Back Better World* (B3W), formulada coma contraposición á Iniciativa da Franxa e a Ruta china, por agora menos concreta no loxístico e orzamentario que a iniciativa chinesa.

Nese orde relacional da confrontación coa China, a relación de complicidade de J. Biden con Tsai Ing Wen, Presidenta de Taiwán, combina tamén momentos de éxitos e fracasos, mais debuxando un fío conector permanente, que protagoniza as cuestións de seguridade e estratexia militar nas relacións coa China e que reporta ligazóns comerciais moi fortes en sectores estratéxicos, non só nos ámbitos militares se non nas *commodities* ou tecnoloxía, con chips e microchips.

Na orde interna, a polarización foi durante o 2021 a nota predominante da axenda estadounidense. Lastrado polos episodios do Asalto ao Capitolio, os esforzos discursivos do novo presidente Biden por abrir un tempo novo non frutificaron en ningún momento, o que se viu reflectido na tibia posición da maioría republicana arredor dos sucesos do Capitolio ou na confrontación sistemática que existe na sociedade estadounidense, xa sexa no social, cultural, racial ou mediático.

Desta maneira e a pesar dos pesares da súa propia crise de polarización interna, os EE. UU. amosan resiliencia para marcar a axenda internacional, promover aliñamentos e movementos de posición nos seus distintos ámbitos rexionais de influencia, aínda sendo imposible de ocultar, a emerxencia da multipolaridade ou pluralismo da sociedade global.

2.3. A COVID-0 e a prosperidade común de Xi

Na orde interna e externa China viviu o ano 2021, o ano do Boi, coma un exercicio marcado polas celebracións do centenario do PCCh, que na China e no mundo enteiro obrigaron a lecturas renovadas, tanto da historia chinesa coma do comunismo coma proxecto político.

No plano económico, incidiuse, acompañando o centenario do PCCh, na filosofía de desenvolvemento da dobre circulación, central no novo plan quinquenal que se aprobou nas sesións parlamentarias de marzo do 2021. Ao que aspira China é a acelerar a transformación industrial e a garantir a autosuficiencia, sobre todo en tecnoloxía. China leva anos non só aspirando a ser o centro de fabricación do mundo, senón tamén a ser un dos principais centros de consumo do mundo. A formulación que guiou os últimos anos inclúe agora o discurso de condicións máis inclusivas e xustas, a prosperidade común, para que a sociedade acceda a unha mellor educación e amplíe as súas capacidades de desenvolvemento. Mais de novos os desafíos son moitos, xa que si ben a finais do 2020 celebrouse o final da pobreza, segue sen poder esquecerse a grande desigualdade xeral ou os problemas de contaminación, non só na contraposición rural-urbano.

Doutra banda, durante o 2021 e tamén acompañando o centenario do PCCh, constatouse que o éxito económico e sanitario durante a xestión da pandemia preséntase na China, coma unha evidencia da superioridade do modelo chino sobre o occidental e un chanzo máis na reafirmación do PCCh no socialismo con características chinesas, facen-

do oídos sordos a calquera crítica en relación ás acusacións de totalitarismo e vulneración de DDHH. Así as cousas e aceptando o embaite do goberno demócrata dos EE. UU. en relación á confrontación ideolóxica arredor da democracia, e facéndoo coincidir coa *Cimeira das Democracias* organizada por Biden en decembro de 2021, a Oficina de Información do Consello de Estado de China publicou un Libro Branco que leva por título “*China: democracia que funciona*”. A CGTN en español destacaba os seguintes titulares “*Se un país é democrático ou non debe ser xulgado pola súa propia xente, non ditado por un puñado de persoas de fóra. Se un país é democrático ou non, iso debe ser recoñecido pola comunidade internacional, non decidido arbitrariamente por uns poucos xuíces de nomeamento propio. Non existe un modelo fixo de democracia, maniféstase de moitas formas. Avaliar os innumerables sistemas políticos do mundo cun único criterio e examinar varias estruturas políticas en monocromo son accións antidemocráticas en si mesmas*”.

Cómpre por último lembrar que a efeméride do centenario do PCCh, axitou os debates arredor do globo sobre o modelo chinés, cada vez máis percibido a nivel global coma unha superpotencia e ao mesmo tempo coma unha ameaza. Pese a un inevitable recoñecemento universal dos éxitos do seguimento aos indicadores sociais e económicos, primeiro dos *Obxectivos do Milenio (2000-2015)* e agora da *Axenda 2030 (2015-2030)*, as tensións e as faltas co sistema de Dereitos Humanos e a relación coa Democracia e o Estado de dereito, aparece sempre nas dicotomías xeneralizadas arredor da China, así como nas desconfianzas mutuas cos EE. UU. e a UE, principalmente. Nese marco de presión pú-

blica, a crítica á persistencia da Estratexia da COVID-o nuclea a narrativa máis crítica coa China, debullando o totalitarismo tecnolóxico do seu sistema político con ausacións de boicot ao libre comercio global polos confinamentos e restricións loxísticas durante o 2021 e 2022.

Sen dúbida, China tamén acusará no 2022 un desgaste diante da opinión pública mundial, en relación aos efectos da invasión rusa de Ucraína, influíndo determinadamente as súas relacións internacionais e a loxística da Ruta da Seda en curso. Nese marco o difícil diálogo sincero con Europa, precisa avanzar na comprensión mutua, nun escenario cada vez máis complicado e irremediabilmente con consecuencias negativas para todos. Neste cadro, a propia relación de amizade, firme como unha roca, con Rusia, medirá a súa profundidade se o conflito, como parece, se enquistará. E nesa partida xogarase tamén os resultados inmediatos da aposta pola prosperidade común. E nesa folla de ruta Taiwán.

2.4. Da desorde loxística á crise enerxética: as interdependencias no S.XX

A crise da cadea de subministros globais, as mudanzas derivadas nas cadeas loxísticas derivadas da pandemia, así coma a desenfreada sucesión de distintas restricións ao transporte e o movemento de persoas e mercadorías, por países e continentes, provocaron un colapso do comercio mundial durante o 2020 que se lastrou todo o 2021.

Nese sentido, se unha imaxe vale máis que mil palabras, o encallamento do buque

Ever Given no estreito de Panamá en marzo do 2021, gañou todo o protagonismo. Esa fotografía, punta do iceberg, aparece como resaca de curta, mais tamén de fonda traxectoria arredor dos problemas estruturais do comercio mundial fillo da explosión da globalización económica durante os últimos trinta anos.

De maneira concreta, a orixe do intenso desorde no comercio mundial durante o 2021 e tamén xa no 2022 é “*construída por unha constelación de factores*”, en palabras dunha das nosas personaxe do ano, Okonjo-Iweala, actual directora xeral da Organización Mundial do Comercio. No centro do problema a economista destaca que polo lado da demanda os espectaculares estímulos fiscais que puxeron en marcha os grandes Estados diante da parálise económica da explosión da pandemia, fixeron medrar a demanda de maneira abrupta e sostida, mais do lado da oferta, o mercado e a loxística internacional, non foi capaz de reactivarse coa mesma intensidade, ao ter que afrontar os constantes cambios e restricións froito das distintas ondas pandémicas e distintas medidas sanitarias, que interromperon e dificultaron a loxística mundial por terra, aire e mar. Así, de maneira paradoxal, a reactivación do consumo foi parte nuclear dos problemas na crise de subministrados. O aumento do aforro dos fogares reactivou a demanda de maneira insostible, producindo disrupcións nas cadeas de produción e subministro. Ademais, nesas suma de factores identificados por Okonjo-Iweala cómpre sumar a crise das materias primas que xa os últimos anos iniciara a escalada de prezos actual (como caucho, plásticos e madeira- que está a afectar a empresas de diversos sectores). Tamén a escaseza de contedores marítimos para o transporte de materias

primas e produtos acabados, ou a escaseza de chips e materiais tecnolóxicos.

Así as cousas a crise loxística é un retrato operativo dalgunhas das interdependencias dun mundo global, cun sistema loxístico de portos, aeroportos, estradas e autoestradas, que ademais de ser insostible enerxética e medioambientalmente, tras un choque total durante a pandemia entrou en colapso de tráfico, sen conseguir aínda autoregularse, afectando ás cadeas de valor e aos prezos finais. Para dato, o subministrado por *Accenture*, o 94% das empresas rexistradas na lista *Fortune 1000* (as máis grandes do mundo) sufriron interrupcións na súa cadea de subministración derivadas da COVID-19.

O risco identificado no IAR 2021 arredor da crise nas cadeas de valor foi sen dúbida un elemento perturbador da atmosfera da sociedade internacional durante o 2021 e parte do escenario da Guerra da Ucraína actualmente en curso. Os xogos de guerra xeopolíticos, atopan nesta pandemia loxística fundamentación e escenario para gañar peso na axenda.

2.5. A Axenda 2030 e a COVID-19

Na análise resumida presentada en novembro do 2021, que presenta o *Informe dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2021*, o conxunto dos 17 obxectivos avaliábeis que constitúen o que popularmente se coñece como *Axenda 2030*, víronse fortemente impactados pola pandemia. Nun resumo rápido, Gonzalo Fanjul, expón en setembro do 2021, na edición dixital do Planeta Futuro de *El País*, que algúns titulares deben ser destacados:

- *Pobreza extrema*: ata 124 millóns de persoas máis, un retroceso de cinco anos

no progreso global.

- *Fame*: 161 millóns máis, un revés de 16 anos.
- *Sanidade*: tres millóns de mortos. Primeiro paso atrás na loita contra o VIH, a malaria e a tuberculose en dúas décadas.
- *Emprego*: Perdéronse máis de 255 millóns de empregos, catro veces o total da Gran Recesión.

Os datos amosan o contexto do abrupto impacto na vida das persoas a nivel mundial, coma consecuencia dos confinamentos globais de marzo e abril do ano 2020, sumado ao descontrol posterior froito das medidas e distorsións das rutas loxísticas polas restricións e a necesidade do control do virus. A esta fotografía, de forte retroceso durante o 2020 e 2021 nos indicadores de necesidades humanas máis básicas, cómpre sumarlle na actualidade, o impacto da Guerra e o risco de crises alimentarias arredor do globo.

A desigualdade na sociedade internacional, por rexións e tamén dentro de cada país, é outra das liñas de fondo fundamentais para observar o mapa da situación dos indicadores da Axenda 2030 de maneira completa. Nese sentido, a *Axenda 2030* ten directa e é indirectamente o rol de catalizador para as reclamacións do Sur global, de maneira específica durante o 2020 e 2021 no berro para o acceso a vacinación universal ou mecanismos de flexibilización de débeda...

Estes procesos programáticos en Nacións Unidas, tantas veces fracasados, axitan os realineamentos dos Estados africanos, latinoamericanos e asiáticos, que acostuman pasar inadvertidos, mais moldean a opinión pública dese Sur Global que a medida que avanza a súa articulación política e económica, xera un novo mundo, que está cheo de

oportunidades e novos escenarios, mais tamén de vellas e novas ameazas.

Noutra orde de cousas, destaca, que arredor de todo o mundo foron moitos os autores, académicos e activistas, que amosan optimismo respecto das posibilidades da *Axenda 2030* coma ferramenta mobilizadora socialmente, non só nos países do Sur global, se non nas sociedade occidentais, no marco da transición ecolóxica. José Antonio Sanahuja, no texto, *“La Agenda 2030 frente al COVID-19: retrocesos, oportunidad y vindicación del desarrollo sostenible global”* apunta que *“a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostenible renova agora a súa vixencia, sendo un relato mobilizador con capacidade para articular coalicións e actores sociais e políticos a todos os niveis para responder á pandemia cun proxecto que transforme a economía e a relación entre o traballo, o Estado, o capital e o planeta”*.

Pese a todas as súas virtudes, aínda sendo a *Axenda 2030* unha oportunidade real para ter un manual de instrucións común para afrontar as interdependencias da humanidade ou o desenvolvemento humano perdurable, as máis das veces a realidade da sociedade internacional acaba por facela aparecer coma un simulacro total, cando menos en relación aos grandes retos colectivos globais, coma a consecución dun mundo pacífico, sostible ou inclusivo...

As ameazas de fractura no sistema de Nacións Unidas, xa agora no 2021, coa guerra na Ucraína, tensan as crises xa crónicas da gobernanza mundial nunha rúa aparentemente sen saída. Ao descenso abrupto das metas propostas pola *Axenda 2030* súmase así o seu descenso na relevancia da opinión pública global.

3.

As Perspectivas 2022

3.1. Rusia na Ucraína

Si o comezo do 2022 difundía optimismo tralo éxito da vacinación *case* universal e a baixada da taxa de mortalidade da pandemia no mundo occidental durante o 2021, a guerra informativa entre Rusia, e particularmente o Reino Unido como membro máis belixerante da OTAN, aumentou de ton entre xaneiro e febreiro. Nesa guerra informativa Ucraína aparecía as veces arroupada e as veces non polos seus socios europeos e americanos. Nesa sucesión de novas e aumento da escalada de tensión, a decisión de Rusia da evacuación masiva de Luhansk e Donetsk o 13 de febreiro, tralos bombardeos ucraínos, é a referencia, o non declarado *casus belli*, da denominada por Rusia, coma operación especial.

Dándolle a razón á intelixencia dos EE. UU. Rusia acabou por invadir Ucraína na noite do 24 cara o 25 de febreiro, bombardeando varias cidades e posicións estratéxicas ucraínas, declarando os obxectivos de desnazificar o país e garantir a neutralidade militar da exrepública soviética. A voadura da paz en Europa acabou de rebentar a xa maltreita arquitectura de seguridade internacional, abrindo fendas nos sistemas globais de gobernanza política ou comercial, como rápido se puido observar, por exemplo coa expulsión do Sistema SWIFT (o sistema comercial de pagos internacional) de non todos, pero

de moitos bancos rusos, acción presentada, como a bomba financeira e primeira medida estrela do bloque occidental para contraestimar a barbarie da invasión.

Aínda que aparentemente a relación de forzas segue a ser moi favorable a Moscova, isto non garantiu a vitoria sinxela que se vaticinara. Tras un primeiro mes de operación militar especial que ameazou coa conquista de Kíiv, mediante un cerco que acabou por fracasar, a segunda fase concentra desde o mes de abril os seus esforzos en unir o Donbass e toda a costa baixo control ruso, onde Odessa, pode ou non, segundo a relacións de forzas avance, ser parte do seguinte escenario da operación especial.

A heróica resistencia ucraniana conflúe irremediabilmente con cuestións históricas e culturais de forte pegada social, ligadas á Guerra Fría ou ao papel de Rusia coma imperio de raíz histórica. Nesas contradicións o noso vocabulario e categorías de pensamento previa non sempre funcionan e dificultan saber, no medio da guerra de información máis universal e participada de toda a historia, o que realmente está a acontecer.

Aínda faltándonos toda a información para facer unha análise exacta da situación podemos afirmar que Rusia, encarnada no V. Putin, subestimou a determinación dos ucraínos, sobrevalorou as capacidades do seu exército e quizais pensou como os escenarios menos improbables, os dunha resposta tan coordinada entre os Estados Unidos e a Unión Europea, xuntos na OTAN e por separado nas accións concretas de illamento a Rusia. Sendo isto certo, Rusia mantivo a súa capacidade de iniciativa e de reacción, defendendo os seus obxectivos cunha narrativa ben definida, moitas veces desde o nacio-

nalismo máis reaccionario, e aínda que por momentos desconcertada, compórtase coma unha potencia, levando o seu órdago até ao final na procura dunha saída xusta para os seus parámetros. Unha das variables a seguir de maneira máis relevante será a evolución do nacionalismo ucraniano máis orgulloso de representarse ao lado do nazismo, un Batallón Azov que parece medrar o seu poder de influencia sobre o Estado.

Se no inmediato a brutalidade da guerra non permite xuízos demorados nin mornos, compréndese que a insistencia na expansión da OTAN cara o Leste cuestiona o enfoque da seguridade inclusiva promovida desde o nacemento das Nacións Unidas, coma principio básico para garantir a confianza estratéxica. Proba disto son por exemplo, as declaracións do Papa Francisco o pasado 2 de abril nunha entrevista co *Corriere della Sera* “*os ladridos da OTAN ás portas de Rusia puideron levar ao presidente ruso a reaccionar mal e desencadear o conflito. Un enfado que non podo dicir se foi provocado, pero quizais foi facilitado*”.

Na hora de afrontar as perspectivas da evolución da Guerra, destacar que a mesma explota na transición militar ao Pacífico dos EE. UU. na súa confrontación estratéxica coa China. E esa perspectiva de conxunto é importante. Cómpre atender así con ollos ben atentos á capacidade de xerar aliados das distintas potencias ao longo do 2022 e no futuro. Así como a alianza entre a UE e os EE. UU. está a reforzar a OTAN, ao carón da amizade entre China e Rusia está a emerxer de maneira indirecta un outro polo de Estados que non obedece as sancións do bloque dominante das institucións financeiras internacionais, o cal é novidoso, tanto pola magnitude como

pola calidade dos mesmos. En calquera caso, prima o pluralismo das motivacións e accións concretas, o que fai que as alianzas sexan moi flexibles e fluídas e o que alberga esperanzas para un potencial final da guerra.

Difícilmente imaxinamos un final do conflito coa Ucraína das fronteiras anteriores a 2022, ou ás do 2014 (península de Crimea) polo que a vitoria informativa e política ucraniana no contexto da UE, non se podería traducir nunha vitoria militar clásica. Sen embargo, a brava resistencia da Ucraína aviva aínda despois de tres meses de ataques, as ilusións da vitoria. Desta maneira non se ve no horizonte, en fin, unha normalización postconflicto na sociedade internacional, se non unha nova pantalla no proceso de deterioro da gobernanza mundial así coma do papel de Nacións Unidas e no que lamentablemente todas as potencias e as súas elites son responsables. No horizonte, citas importantes como a Cimeira da OTAN en Madrid en xuño, onde se definirá o novo concepto estratéxico para a década dos anos 20. Lamentablemente o militarismo apunta a seguir gañando peso en axendas e orzamentos.

3.2. Alemaña e Francia, capitais da Unión Europea desconxelada

O pasado 26 de setembro Olaf Scholz converteuse no lexítimo sucesor de Angela Merkel, por medio da vitoria nas eleccións federais. Os resultados levaron á negociación do goberno semáforo, en relación á cor dos tres partidos que finalmente asinaron o pacto de goberno en decembro do 2021, o verde, o amarelo e o vermello. Foi nomeado novo chanceler o 8 de decembro do 2021

No pacto, todos compartiron a importancia do proxecto europeo dándolle un grande protagonismo no seu programa, que ademais de aspirar a avanzar no aspecto político, aposta de maneira decisiva na integración económica comunitaria. Esta tendencia, subliñada pola prensa e a análise estratéxica que chega desde Alemaña, identificaba como un auténtico fito o Plan de recuperación e a primeira emisión de débeda conxunta canalizada para volver a impulsar o proxecto europeo diante da pandemia, que debía canalizar esa UE en maiúsculas, do económico ao político, do europeo ao global.

Baixo ese punto de partida en política exterior, que animaba a reforzar o diálogo bilateral de Alemaña con todas as potencias, a crise ucraniana tensou e determinou de maneira relevante os primeiros meses do Goberno semáforo, mudando o marco do conxunto de maneira radical e asociando os esforzos da guerra á futura xeopolítica da enerxía alemá, tan tensada, tamén, pola avanzada política de eliminación da enerxía nuclear, agora de novo de volta á toda Europa..

A crise ucraniana acabou por dinamitar, xa desde a primeira semana da invasión, o *Nord Stream 2*. O gasoduto, símbolo das posibilidades dunha nova Eurasia e dunha relación cómplice entre Alemaña e Rusia, ficaba en suspenso, esnaquizando décadas de aproximación económica e xeración de interdependencias mutuas. Así as coousas Alemaña alterna desde o comezo da crise ucraniana, unha posición as veces xulgada de ambivalente, proactiva nas sancións a Rusia e o envío de armas a Ucraína, mais con declaracións mais tímidas, amparándose nas necesidades da súa poboación e industria ao acceso ao gas ruso.

Desta maneira a folla de ruta do goberno semáforo viuse afectada así de maneira radical pola decisión do rearme da Alemaña, agora coma grande medida de curto, medio e longo alcance, para o goberno despois de Angela Merkel. Nese novo marco Olaf Scholz comprometeuse a investir máis en defensa, uns 100.000 millóns de euros (109.000 millóns de dólares) e a procurar todos os mecanismos posibles para romper os lazos de dependencia coa Rusia. O rearme alemán, apuntan, encádrase na creación dun futuro exército europeo.

No outro lado da fronteira alemá as duodécimas eleccións presidenciais da Quinta República francesa sucedéronse, na primeira volta, o 10 de abril de 2022, Macron e Le Pen, foron os dous gañadores, sendo Mélenchon o triunfador pola esquerda. Na segunda e decisiva, o pasado 29 de abril, Macron revalidou a súa vitoria sobre a líder ultradereitista, que aínda que mellorou o seu resultado do 2018, da mostras de incapacidade por agora, para a chegada ao poder da extrema dereita en Francia.

Así, mentres que Alemaña e Francia reiniciaban os seus equipos ao mando, o marco do trepidante primeiro trimestre europeo do 2022, acabou por axitar a axenda marcada para a autonomía estratéxica europea, de maneira significativa, tralos altibaixos dos últimos anos, aliñándose de maneira total coa OTAN no dispositivo de presión internacional a Rusia.

Máis alá do envío de armas e a cooperación militar con Ucraína, as sancións, ou as recepcións e visitas a Zelenski nos distintos Parlamentos, a UE tamén acelerou por dentro os traballos para a autonomía estratéxica de longo alcance, e así o 21 de marzo do 2022

publicou un documento de cambio de época *“A Strategic Compass for Security and Defence - For a European Union that protects its citizens, values and interests and contributes to international peace and security”*. No documento dáse por aberta unha nova época histórica e establécense catro obxectivos principais que haberá que seguir de preto: 1. Elaborar un diagnóstico común das ameazas e retos aos que se enfronta UE. 2. Dotar de maior coherencia e obxectivos comúns á política de seguridade e defensa. 3. Mellorar a nosa capacidade de defensa colectiva. 4. Establecer obxectivos claros para medir o progreso.

No horizonte do 2022 e a evolución do futuro atopamos unha folla de ruta para a UE marcada pola negociación colectiva e concreta, alén do escenario ucraniano, desa Europa xeopolítica e dese exército europeo, que significará dunha ou doutra maneira seguir a escalar e transformar o concepto de soberanía clásico. Neses difíciles malabares da familia comunitaria, no curto prazo, as interdependencias co mercado global, o consenso interno e a renovación das vellas lealdades cos EE. UU e a autonomía necesaria dos mesmos, acabarán por delimitar os marcos desa futura autonomía estratéxica europea.

A situación actual de desorde e cambio de época, que publicamente define bloques sólidos, pode esconder un estado gaseoso de difícil prognóstico no medio e longo prazo, particularmente complicado no caso europeo. A derrota na Ucraína da Rusia de Putin, na forma en que esta poda ser formulada, aspírase a confirmar como primeiro fito desa UE potencia global da democracia con todas as súas virtudes e contradicións.

3.3. Choques de civilizacións e grande realíñemento?

O modelo democrático occidental que lidera a sociedade internacional e as súas organizacións internacionais hexemónicas, como amosa o caso da OTAN, tivo no 2021 un ano difícil. E o 2022 segue coas hostilidades. A caída do goberno afgán no verán do 2021 visibilizou un fracaso rotundo que costa disimular de maneira rigorosa. Sen embargo despois de varias semanas de bochorno global americano e occidental coas imaxes da fuxida do país, a mesma normalizouse desde unha lectura utilitarista que simplemente impregnou o ambiente, desviando rapidamente a atención sobre as hipotéticas vantaxes estratéxicas para China e Rusia no novo contexto. Afganistán é unha mostra descarnada do fracaso dos proxectos tutelados occidentais e da súa estrutura de seguridade, así coma un renacemento do auxe definitivo da cultura militarista.

Mentres tanto, a inflación estendiase por todo o mundo durante o 2021 sen parar de facelo durante o 2022. No 2021 chegou a ser do 6,8% en Estados Unidos, o 4,9% na zona do euro, o 5,2% ou o 6,7% en España en decembro. A dinámica agudizouse durante o primeiro trimestre do 2022, na que a media na zona do euro situouse no 15%. No núcleo desta dinámica converxen diversas crises latente na sociedade internacional na última década, a ruptura das cadeas de valor e de negocio coa pandemia, e xa agora no 2022 a guerra de Ucraína.

Se aínda non tiñamos abondo co virus biolóxico COVID-19 e as súas variantes, a inflación e a crise enerxética previa e asociada, reactivou axendas perdidas coma a da enerxía

nuclear, así como as dun novo pano de aceiro ou o fin da globalización nunha transición cara economías globais fragmentadas seguirán a ser hipóteses centrais durante o 2022.

O *choque de civilizacións* reformúlase e complicase, co que a hexemonía occidental vese posta en tensión, agora de maneira máis descarnada coa invasión rusa e as votacións derivadas no sistema de Nacións Unidas, que se ben, condenan a guerra, non participan do illamento a Rusia. Desde o marco da loita das democracias contra as autocracias, o bloque occidental agárrase á teoría do dominó ou tamén chamada efecto bóla de neve, aplicada á política internacional, para defender a loita ucraniana ata o final, segundo a cal, se un país entra nun determinado sistema político, arrastraría a outros do seu ámbito cara a esa mesma ideoloxía. Baixo desa grande diverxencia, entres democracias e autocracias, dentro do sistema de Nacións Unidas, as solucións globais e colectivas imprescindibles para o goberno das interdependencias non só non se albiscan no horizonte, mais derraman xa os riscos asociados e potenciais rupturas.

Huntington, identificou na resistencia ucraniana unha nova onda democrática tralo novo movemento ruso e afirmou aos inicios da Guerra *“A derrota rusa fará posible un novo nacemento da liberdade. O espírito de 1989 voltará a vivir, grazas a un bando de bravos ucráinos...”* Nesa renacida cultura militarista de defensa da democracia, a UE desenvolvida desde o soño inicial da paz, as interdependencias económicas e os Dereitos Humanos, atópase desde hai tempo nunha elección entre tradición e modernidade que parece non será sinxela de reconducir en calquera dos escenarios.

Mais as formas da desorde actual son variadas e superpóñense, nunha sucesión de crises enredadas. Así, alén do desastre en Afganistán e agora na Ucraína, en África obsérvase a continuidade da confrontación entre o afro-optimismo e o afro-pesimismo para a próxima década, tamén ligado ao desenvolvemento da democracia e a súa confrontación con autoritarismos variados. Así proxéctase un S.XXI entre as novas oportunidades e o conflito, no que a ramificación xihadista ten unha pola de extensión regular que non cede ao seu crecemento, aparecendo por exemplo en países do ámbito lusófono coma Mozambique ou Bissau, así coma en todo o Sahel, que aínda no 2022, nuclean a súa estrutura de seguridade arredor do conflito cos grupos xihadistas locais. E que durante o 2021 puxeron en xaque aos dous estados.

No horizonte e no medio desa disputa sobre a gobernanza global e a crise económica, no 2022, a guerra pola transición enerxética será outra variable relevante nesa posible fragmentación rexional e potencial evolución do pluralismo profundo e deterioro da globalización. Os países con acceso ao cobre, aluminio, cobalto, litio ou terras raras parten con vantaxe.

Sen dúbida, a capacidade de tradución e de mediación entre as grandes potencias e especialmente, as Superpotencias dos EE. UU. e a China, é básico para un futuro próspero e pacífico. Lamentablemente as expectativas son perigosas, e o equilibrio entre o militarismo en alza e a economía en crise estrutural e de cambio pola desorde no comercio internacional, alumea no horizonte potenciais escenarios de risco nuclear. O optimismo da globalización segue a súa costa abaixo.

3.4. Nova onda progresista nas Américas?

En 11 das 12 eleccións presidenciais que se completaron en América Latina desde 2019, a votación levou ao cambio de partido no poder. A excepción a esta nova norma foi só a da República de Nicaragua, a da moi polémica, de Daniel Ortega.

A crise crónica no económico e social, desde a crise do 2008, incitou un malestar latinoamericano que anima o péndulo latinoamericano entre as esquerda e a dereita, e que volta perfilado pola esquerda, con fenómenos vellos mais tamén con formas novas coma o liderado de Boric en Chile.

Hoxe, América Latina está tan polarizada como o resto de Occidente, desgarrada por debates vellos e novos, con guerras por Twitter e as redes sociais, e sobre todo, pola desigualdade económica que non só non acaba de desaparecer, se non que obsérvanse moi vulnerables aos cambios abruptos, como a pandemia ou agora o aumento de prezos xeneralizado, poñendo en crise indicadores sociais elementais de necesidades humanas, como as axencias de Nacións Unidas advirten de maneira reiterada.

Se algo de novo parece agromar na política latinoamericana é un novo consenso case ao marxe dos seus polos máis ortodoxos, da esquerda á dereita, solicitando unha posición latinoamericana, na escalada da confrontación global entre China e Estados Unidos. A procura dun camiño verdadeiramente independente, tamén na dereita americana que tamén fai negocios coa China e co novo mundo multipolar que agroma.

Por detrás, o cambio de ciclo, o cambio do péndulo, que trala onda conservadora de

governos latinoamericanos durante a década dos 20, acelera o cambio amosado entre 2020 e 2021, os candidatos de esquerda gañaron na maioría dos comicios celebrados na rexión: Luis Arce no Estado plurinacional de Bolivia, Pedro Castillo en Perú, Xiomara Castro en Honduras e Gabriel Boric en Chile, ademais do caso especial de Nicaragua. Esta postura, que pode afondarse ou relativizarse, tras as eleccións deste ano na República Federativa do Brasil e a República de Colombia, son as máis importante da rexión, na que a República de Costa Rica reforza a onda progresista (con moitos matices entre eles, ligados a cultura política de cada país) coa vitoria o 3 de abril, de Rodrigo Alberto Chaves Robles, do novo Partido Progreso Social Democrático.

A primeira volta das eleccións presidenciais colombianas está prevista para o 29 de maio (máis de dous meses despois das eleccións legislativas de marzo) e a posible segunda volta para o 19 de xuño.

En cambio, todo apunta a que Brasil irá a un choque de polos nas súas eleccións de outubro entre o actual presidente da extrema dereita Jair Bolsonaro e o expresidente de esquerda Luiz Inácio Lula da Silva (2003-2010), o que sería, sen dúbida a consolidación do péndulo latinoamericano cara a esquerda na década dos 20.

O gran reto dos governos latinoamericanos segue sendo atender as demandas de mellores servizos públicos e seguridade social, así como á redución da desigualdade, e moito máis alá, no fortalecemento das institucións públicas e a gobernanza democrática e a loita contra a corrupción, tan conectada ás importantes tramas de economía informal ligadas ao narcotráfico e demais industrias ilegais.

Realizar esta tarefa será difícil nunha América Latina cun crecemento económico moderado (cerca do 3% en 2022, segundo a Comisión Económica para América Latina e o Caribe, CEPAL), presión inflacionista e maior débeda pública, coas incertezas dunha economía mundial en turbulencia a escala, filla das consecuencias da Guerra en Ucraína.

3.5. 15 anos de IAR para intuír un futuro

Os últimos tres lustros o *IGADI Annual Report*, como informe anual de relacións internacionais e política global do IGADI, acompañou a realidade internacional de maneira periódica, identificando chaves e perspectivas, así como poñendo o foco, en áreas xeográficas e reflexións transversais.

Neste camiño que na edición 21-22 cumpre quince anos, o último trienio atopouse cheo de sobressaltos e abruptos cambios, con acontecementos inéditos no mundo global. Da pandemia á guerra; coa crise enerxética e ambiental cabalgando da man da explosión dixital, que agora chega até ao *blockchain* e a vida dixital máis futurista, entre as burbullas e as revolucións futuras. No horizonte uns anos 20 que prometen curvas.

Debúxase nestes 15 anos de IAR unha trama que ano a ano, pinga a pinga, evolucionaba desde o mellor dos mundos posibles cara outra fase, onde occidente e a democracia liberal, deixaban de ser a resposta única, a onda. O mundo fragmentábase e a hexemonía dos EE. UU. retratábase a paso lento, coma sempre con fortes accións de resistencia, gañando peso o papel da China, de Rusia e tamén doutras potencias rexionais, os BRICS

primeiramente, coa India, Suráfrica e Brasil, e máis alá, Irán ou Turquía con guións propios.

Desde o noso canto a onda pesimista na UE, desde o fracaso da Constitución Europea até os nosos días, a crise pandémica e a resistencia por reforzarse e facer emerxer unha nova fase euro-optimista... Iraq, Afganistán ou Libia fan tamén parte desa secuencia de tensións e desencanto arredor das normas e a xestión do conflito no mundo do 2022.

Desde esa perspectiva e os acontecementos actuais, a o repaso das catorce edicións previas do IAR, desde a primeira edición, 2007-2008 **“Cara unha estabilidade multipolar”**, até a última edición que pecha Xulio Ríos ao fronte. 2018-2019, coma o seu editor principal **“En rumbo de colisión”**, as chaves e as perspectivas, así coma os focos temáticos e xeográficos, amosan un IAR fiable. Quince anos que acertan identificando as dinámicas de longo e de curto prazo, así coma as axendas que foron gañando espazo nas relacións internacionais de hoxe e do futuro.

En fin, os acontecementos de finais de febreiro do 2022 pechan este ciclo destes quince anos de IAR. A invasión unilateral de Rusia a Ucraína, mudou dun salto a estabilidade na arquitectura de seguridade europea, reabrindo até a axenda nuclear. Agardamos que no próximo lustro, as ideas que conectan as interdependencia económica, o benestar e a paz, con enfoques axeitados e operativos para construír un mundo do futuro en liña cos obxectivos desexables da *Axenda 2030*, gañen peso nas decisións operativas dos nosos representantes e decisores.

Entendemos que o camiño do futuro obriga a que desde o recoñecemento da crise de seguridade en Europa ollemos máis alá, atendendo con sensibilidade á desigualdade,

a crise ecolóxica ou a transición enerxética e dixital, así coma o conxunto de interdependencias que cómpre coidar no contexto do re-equilibrio de poder no mundo do S.XXI.

Ollar desde Europa pensando o mundo en grande e non coas lentes do S.XX, aprendendo del, lonxe de solucións militaristas, apostando por unha cultura de paz, que non por naif deixa de ser necesaria.

No fondo, parecemos camiñar a unha rúa sen saída, onde un grande colapso ameaza con xerar as condicións dun novo pacto de gobernanza mundial e desenvolvemento perdurable, ou pola contra, solidificar un mundo en bloques que sexa capaz de autosustentarse sexa como for, rachando a globalización tal como a coñecíamos nas últimas décadas.

4.

Reflexións por áreas xeográficas 2020-2021

4.1. Afganistán: da crise ignorada do campo á guerra sen armas.

Por Alberto Trillo Barca

Transición política, crise aguda no campo, fame e situación límite para todo o país: ata cando vai seguir sufrindo o pobo afgán?

Na historia recente de Afganistán, 2021 ocupará un lugar especial coa saída das tropas americanas e internacionais e a chegada ao poder dos talibán⁽¹⁾ de novo. As imaxes de xente aferrada desesperadamente ao tren de aterraxe e despegue dun avión teñen visos de se converteren nunha icona histórica. Contarán a fin da ocupación estranxeira para uns; o fin da misión para outros.

O repregamento das tropas americanas e internacionais desequilibró a balanza e foi a clave para que as forzas insurxentes talibán lograsen facerse co control da antiga República Islámica, hoxe Emirato Islámico. O goberno non caeu de súpeto, nin houbo ningunha sorte de Blitz (guerra lósterego) talibán por moito que se teime nese conto. O 15 de agosto de 2021 foi produto de anos de loita armada, de conquista progresiva de zonas rurais, e de inseguridade constante nas grandes cidades. A febleza dun goberno deostado pola opinión

pública e a rendición eventual dunha gran parte das forzas de seguridade fixeron o resto. O apoio popular foi clave para que os talibán puideran avanzar con forza na última ofensiva primaveral ata conquistaren as grandes cidades. O blitz que se sentiu en Occidente foi apenas o estrondo do edificio que colapsou.

O relato occidental tamén obvia a miúdo a grande dificultade de controlar un país eminentemente rural (sete de cada dez afgáns vive no campo) e con infraestruturas terrestres deficientes que implican un nivel de interconexión territorial aínda moi limitado. Estas características xeográficas e orográficas son un dos motivos polos que nunca chegou a existir un estado que exercerá un control efectivo sobre a totalidade do territorio, nin sequera co apoio militar estadounidense.

Na mesma liña, se ben é certo que a caída do goberno de Ashraf Ghani o pasado 15 de agosto provocou unha crise sen precedentes nas zonas urbanas, as zonas rurais teñen sido as grandes esquecidas. Como adoita acontecer, o campo ficou nun segundo plano malia a súa grande transcendencia: o 80% da poboación depende directa ou indirectamente de medios de vida rurais: da agricultura, gandería ou pastoreo.

A crise ignorada do campo

Porén, a fame non chegou ás zonas rurais coa nova administración talibán. A situación humanitaria xa era moi delicada con anterioridade. Entre as causas principais, o constante conflito armado, as consecuencias derivadas da pandemia (diminución de remesas), un alto nivel de desemprego e unha seca moi severa (a terceira peor nos últimos 36 anos e segunda consecutiva), que afectou a meirande parte do país (25 das 34 provincias). Segundo o último informe IPC (Clasi-

(1) Talibán é o plural de talib (طالبان), que significa 'estudante' en pashtún.

ficación Integrada de Fases, polas siglas en inglés) de seguridade alimentaria publicado por Nacións Unidas antes do cambio de réxime, nese período un de cada tres afgáns atopábase en niveis de crise ou emerxencia de inseguridade alimentaria. Isto quere dicir que uns catorce millóns de persoas xa non sabían cando volvería a comer nin que, con todo o que iso implica, en particular para o desenvolvemento das crianzas.

Con ese panorama, a toma do poder talibán trouxo dúas consecuencias principais para o mundo rural.

Por unha parte, a guerra terminou. Isto supuxo un grande alivio para moitas zonas rurais, que foron o escenario onde realmente se librou o combate por tomar o poder do país nos últimos anos. Cómpre insistir en que o conflito armado malia non ter sido noticia a miúdo en occidente, e cobrouse milleiros de vidas cada ano, tanto de combatentes coma de civís. Tamén convén sinalar o consenso xeral de que os últimos meses teñen sido probablemente o período máis pacífico dos últimos 40 anos.

Por outra parte, o relevo no poder precipitou unha crise económica de dimensións descoñecidas para o país. A evacuación de máis de cen mil persoas pertencentes, na súa maioría, a unha capa media-alta da sociedade urbana, con estudos e alto poder adquisitivo, unida a suspensión inmediata de toda a axuda ao desenvolvemento, traducíronse de inmediato nunha crise de liquidez que deu nun *corralito*; mais sobre todo nunha destrución masiva de emprego que golpeou á toda a economía. A billa dos salarios públicos pagados con axuda ao desenvolvemento, que sostíña os servizos públicos, secou. Eses cartos que manaba filtrábanse a toda a economía afgá

até as zonas rurais e remotas; quer na produción agrícola estritamente, quer por medio doutro tipo de oportunidades de gañar o xornal para a xente do campo. Todo iso desapareceu. Neste caso si, dun día para outro.

Nun contexto de seca severa e prolongada, esta sacudida supuxo un novo punto de inflexión para as zonas rurais.

Provocada polo complexo fenómeno meteorolóxico La Niña, a seca botou a perder as colleitas de zonas agrícolas dependentes da chuva; as zonas de regadío puideron capeala un pouco mellor, mais a colleita estímase que só alcanzou o 75% da media. Sen unha colleita ou produción gandeira suficiente, e sen ningún outro tipo de axuda ou alternativa, moitos agricultores e gandeiros altamente endebedados pola seca prolongada víronse, e seguen véndose, abocados a se desfaceren con gran desespero dos seus únicos medios de vida para seguiren comendo. É o último resorte para evitar fuxir cara a miseria que atoparán nas zonas urbanas ou na emigración.

A agricultura tamén sufriu as consecuencias do illamento internacional dos talibán e da consecuente suspensión dos programas gobernamentais financiados pola axuda ao desenvolvemento. O programa do Ministerio de Agricultura, Gandería e Rego de distribución de sementes de trigo, o cultivo principal do país, é un exemplo. O programa suspendeuse e as empresas de produción de sementes perderon ao seu comprador maioritario. Os agricultores non podían permitirse o custo, nin tiñan sementes aforradas da pésima colleita do ano anterior. En dous meses, o trigo tiña que estar plantado. Neste caso concreto, foi a axencia de alimentación e agricultura das Nacións Unidas, a FAO, que se converteu no seu único comprador para distribuír este

gran como axuda humanitaria. Doutro xeito e sen compradores, estas empresas terían pechado. A suspensión deste programa e as consecuencias son un exemplo de como o sistema pende dun fío e podería colapsar. Ata cando esta guerra sen armas?

Organizacións internacionais e ONG están intentando soste este sistema levado ao límite, mentres non deixan de lembrar a súa incapacidade para lograr tal tarefa, así como a necesidade de reactivar a economía inmediatamente. A capacidade de resiliencia do pobo afgán é notoria e recoñecida, mais ata cando se pode soste esta situación na que un de cada dous afgáns pasa fame (case 23 millóns de persoas), e máis 1,3 millóns de nenos sofre malnutrición severa crónica, é dicir, corren o risco de morrer (por non falar das consecuencias que arrastrarán en todo caso no seu desenvolvemento)? De feito, hai nenos morrendo de fame. Cales van ser as consecuencias a medio e longo prazo? Está o imperativo humanitario contribuindo a xerar un ciclo perverso de dependencia de axuda humanitaria (por pura necesidade, obviamente non por vontade propia do pobo afgán, porque ninguén quere vivir da caridade)? Ou estase usando o imperativo humanitario como pretexto para encaixar outras medidas (sancións) económicas, supostamente contra os talibán? Todas estas preguntas flotan no aire do tira e afrouxa entre os talibán e o resto de actores da comunidade internacional.

Pola súa banda, os talibán afrontan a tarefa complicada de contentar ás distintas sensibilidades dun movemento caracterizado tradicionalmente polo seu carácter policéntrico, no que o liderado supremo parece estar a impoñer os seus desenhos con decisións recentes, como por exemplo non permitir reabrir as

escolas para as rapazas. En calquera caso, o grupo ultra conservador islámico atópase entre a espada do Estado islámico e a parede do bloque occidental de doantes. O grupo terrorista Estado Islámico do Korasán (Gran Jorasan) continúa a atraer a moitos dos fervorosos combatentes talibán que non están dispostos a ceder na súa interpretación conservadora da lei e relixión islámica, polas que loitaron e puxeron as súas vidas en perigo.

Por outra parte, os doantes tradicionais, europeos na súa maioría baixo o liderado estadounidense, non ceden na súa presión por garantir os dereitos das mulleres e minorías, así como esixir a formación dun goberno inclusivo de todas as etnias do país, como requisitos para recoñecer a nova administración. Os talibán teiman en que eses son asuntos internos que non lle compete decidir a ningún outro país. A súa interpretación da lei islámica non é negociable.

Non obstante, todas estas cuestións transcendentais poden semellar triviais ante a orde executiva asinada polo presidente Biden o 11 de febreiro de 2022. A orde dispón que parte dos fondos afgáns depositados no banco da Reserva Federal en Nova York (3500 millóns de dólares americanos en fondos de divisas, reservas dos bancos comerciais afgáns, e aforros da xente común) quedan retidos para poder pagar potenciais compensacións ás vítimas do 11 de setembro. (Cómpre lembrar que ningún afgán participou nos ataques do 11 de setembro.) Sen entrar no por que desa decisión americana, a carraxe no pobo afgán cara os Estados Unidos medra cada día ante o que se percibe coma un roubo. Os expertos apuntan que a perda destes fondos podería supor a destrución definitiva do sistema bancario afgán xa moi debilitado.

Mentres todo isto acontece nas altas esferas de decisión, a xente do común, especialmente as mulleres, privadas de acceso á educación e recursos produtivos, e os nenos, pagan as consecuencias con miseria, fame e incerteza. Canto sufrimento do pobo afgán é necesario para encamiñar esta situación e axudar todos ao pobo afgán a saír deste pesadelo sen fin?

Cada vez máis voces alertan de que xa é hora de rematar o que se podería cualificar de guerra sen armas. Do contrario, como lle dixo David Miliband, presidente e CEO da ONG *International Rescue Committee*, ao senado dos Estados Unidos de América, a política actual vai significar de feito que unha gran fame mate máis afgáns que os últimos 20 anos de guerra.

4.2. Europa e a cuestión de Palestina (1948 – 2022): Diplomacia declarativa pero desdentada.

Por Bichara Khader

Introdución

A memoria palestina está repleta de eventos relacionados con Europa (as cruzadas, desde 1099 ata 1290), as expedicións napoleónicas en Exipto e Palestina (1798 - 1799), o establecemento dos primeiros consulados europeos (s.XIX), o Primeiro Congreso Sionista en Basilea (1897), as promesas europeas rotas ao xerife Hussein (1915), o Acordo Sykes- Picot (1916), a Declaración Balfour (1917), o Mandato Británico en Palestina (1922 - 1948), o plan de repartición de Palestina patrocinado por Occidente (1947) e, finalmente, o recoñecemento do Estado de Israel pola maioría dos países europeos. En poucas

palabras, Europa “**foi parte integrante do tema palestino**”⁽¹⁾ desde os seus inicios.

1. O sentimento europeo de culpa e o apoio de Israel

Desde 1949, a maior preocupación dos países occidentais foi **asegurar a existencia e a consolidación do estado de Israel e protexelo** do ambiente árabe. A Nakba palestina, o exilio forzoso de dous terzos do pobo palestino, foi considerada como un “dano colateral” e para moitos europeos a cuestión palestina volveuse un “**problema de refuxiados**” que debía tratarse como unha “cuestión humanitaria”.

O contexto histórico europeo e a transformación xeopolítica do mundo árabe ofrécenos pistas para entender a simpatía primordial europea cara ao movemento sionista. A Shoah produciu un inmenso sentimento de culpa en Europa e os estados europeos e a opinión pública, en xeral, sentían que tiñan unha “**débeda moral**” con Israel. En cambio, nun contexto de descolonización, considerábanse unha ampla ofensiva aos intereses de occidente (en xeral) e de Europa (en particular) certos acontecementos no mundo árabe como a revolución exipcia (1952), a nacionalización da Compañía da Canle de Suez (1956), a guerra de liberación de Alxeria (1954 - 1962) e a destrución do Reino Hachemita de Iraq, prooccidental (1958), entre outros moitos acontecementos dramáticos..

Neste contexto, a **relevancia estratéxica de Israel** viuse reforzada, pois oitos europeos consideraban Israel non só como un “**refuxio seguro**” para os xudeus, senón

(1) Alvaro de VASCONCELOS e Marcin ZOROWSKI: *The Obama Moment : European and American perspectives*, Instituto de Estudios de Seguridade da Unión Europea, París, 2009, p.178

tamén como un “**escudo**” contra o turbulento ambiente anti-occidental e un “**baluarte**” que protexía os intereses europeos. A participación de Israel na agresión tripartita contra Exipto en 1956 é un claro indicador do papel que tiña que asumir o recentemente creado “estado xudeu”. Este é o escenario xeral en vésperas do Tratado de Roma (1957), que establecía a Comunidade Económica Europea (CEE).

2. A Comunidade Europea e o pobo palestino: desde a negligencia total a recoñecer o dereito de autodeterminación palestino

Desde 1958 ata 2022, a posición de Europa pasou, de forma lenta pero segura, do **abandono total** da dimensión política da Cuestión Palestina (1957 - 1967) ao recoñecemento dos “**dereitos lexítimos**” dos palestinos (1973), a necesidade “**dunha patria**” para o “**pobo palestino**” (1977) e o seu dereito á “**autodeterminación**”, que debe lograrse mediante negociacións coa “**participación da OLP**” (Declaración de Venecia de 1980), o que supón un “**Estado palestino**” (Declaración de Berlín de 1999), que conviva con Israel, con “**Xerusalén como capital do futuro Estado palestino**” (declaración da UE de 2009)⁽²⁾. En moitas outras declaracións, a UE condenou a “**ocupación**” por parte de Israel de territorios palestinos e sirios, denunciou a “**política de asentamentos**”, reiterou a urxencia da “solución de dous Estados” e insistiu na necesidade de contar cun **Estado palestino soberano, viable e contiguo** (Conferencia de París, 15 de xaneiro de 2017).

(2) Na súa intervención na Knesset o 18 de novembro de 2013, o presidente francés, François Hollande, reiterou con valentía a posición da UE sobre Xerusalén, capital dos “dous estados”.

As políticas da UE foron atacadas desde diferentes direccións. Os israelís e moitos xudeus europeos⁽³⁾ culparon repetidamente a Europa pola súa “**diplomacia de megáfono**” e polo seu suposto **nesgo prol-palestino**, ou “**viro prol-árabe**”⁽⁴⁾, mentres que moitos investigadores palestinos e europeos destacaron o “**déficit de poder**”⁽⁵⁾ da UE e a **brecha de expectativa na política declarativa** europea, denunciando o “**fracaso da UE**”⁽⁶⁾ ou, mesmo, a “traizón europea” a Palestina.

Neste caso, o meu argumento é menos duro. De feito, sosteño que, dende 1974, Palestina converteuse nunha cuestión central da nacente cooperación política europea (CPE). Houbo innumerables declaracións da UE sobre a cuestión palestina e o conflito árabe-israelí nas que se condenaba a ocupación e a anexión israelís e pedíase a solución de dous Estados. Ao adherirse ás normas internacionais, a UE contribuíu a reforzar as reivindicacións lexítimas dos palestinos e foi instrumental para o recoñecemento mundial dos dereitos palestinos.⁽⁷⁾

Con todo, tamén sosteño que as políticas

(3) O 29 de maio de 2002, miles de xudeus reuníronse en Bruxelas en solidariedade con Israel denunciando a postura europea prol-palestina e vinculándoa ao antisemitismo.

(4) Ilan GREILSAMMER e Joseph WEILER: *Europe's Middle East dilemma: the quest for a united stance*, Londres, Westview Press, 1987, p.ix

(5) Véxase B.A. ROBERSON (ed.): *The Middle East and Europe: the power deficit*, Routledge, London, 1998.

(6) Véxase o libro escrito pola parlamentaria da UE, Véronique de Keyser (with Stéphane HESSEL): *Palestine: la trahison Européenne*, Fayard, París, 2013

(7) Véxase os resultados da enquisa conducida no 2011 polo ICM para Al Jazeera Center for Studies, o Middle East Monitor e o Europe Muslims Research Center, xaneiro do 2011, que mostrou que o 41% dos adultos enquisados crían que a “opresión dos palestinos por parte de Israel é o maior obstáculo para a paz”, p. 1

da UE seguiron estando limitadas por políticas inconsistentes e incoherentes. De feito, ao seguir sendo **unha fiel seguidora dos Estados Unidos e unha socia menor no Proceso de Paz**, ao **non impoñer a coerción non violenta a Israel** a pesar das súas reiteradas infraccións do dereito nacional, ao non traducir a súa política declarativa en accións reais e **ao contentarse con proporcionar axuda financeira** aos palestinos por falta dunha solución duradeira, **a UE fracasou á hora de mostrar un obxectivo claro e liderado en Oriente Medio** e, basicamente, **deixou a EEUU no asen-**

to condutor, con consecuencias trágicas en termos da continua ocupación israelí e a colonización desenfreada que levou ao colapso de todos os plans de paz.

A brecha entre as expectativas e o rendemento produciu un sentimento xeneralizado de que a diplomacia da UE non está en sintonía co sentimento popular, que é cada vez máis crítico coas políticas de Israel⁽⁸⁾ e

(8) Alain DIECKHOF: *The European Union and the Arab-Israeli Conflict*, en Christian Peter HANELT, Felix NEUGART e Mathias PEITZ: *Europe's Emerging Foreign Policy and the Middle East Challenge*, Munich, Gutersloh, 2002, p. 151.

A evolución da posición da UE na cuestión palestina 1972 - 2022

Ano	Declaracións da UE y da CEE
Ata 1970	Para a Comunidade Europea, a cuestión <u>palestina</u> foi un problema de refuxiados
1971	A Comunidade Europea pide a retirada de Israel dos territorios ocupados
1973 (6 de novembro do 1973)	A CEE reconece as reivindicacións lexítimas dos palestinos
1977 (Consello europeo de Londres)	A CEE pide una patria para o pobo palestino
1980 (Declaración de Venecia, xuño do 1980)	A CEE engade a mención da OLP , que debe ser incluída nas negociacións
1986	A CEE adopta a norma sobre as exportacións agrícolas palestinas
1989 (Acordo de Madrid)	A OLP debe participar plenamente no Proceso de Paz
1994	A UE comeza a dar axuda á Autoridade Palestina
1995	A UE incorpora a Autoridade Palestina na Asociación Euromediterránea
1999 (Declaración de Madrid)	A UE apoia a creación dun Estado palestino y rexeita a anexión de Xerusalén Este
2009 (Reunión en Bruxelas)	A UE insiste na solución de dous Estados e reconece a Xerusalén como capital do futuro Estado palestino
2012 (10 de decembro)	A UE indica que os acordos entre a mesma e Israel non son aplicables nos territorios ocupados
2017 (15 de xaneiro)	A Conferencia de París reitera a importancia e a urxencia da solución de dous Estados
2020 (4 de febreiro)	A UE rexeita partes do “Acordo do Século” de Trump e afirma que o plan non entra nos parámetros acordados internacionalmente

séntese frustrado pola compracencia que se percibe por parte da UE cara a este país. Este desaxuste é evidente, polo menos dende os últimos 20 anos. A este respecto, sosteño que a decisión da UE, en xullo de 2013, de etiquetar os asentamentos israelís, é en gran medida unha resposta á presión da sociedade civil da UE e á campaña de boicot.

A pesar de todas as súas limitacións, restricións e defectos, **as políticas declarativas da UE non foron completamente improdutivas ou inútiles**. Mentres que Estados Unidos non estivo á altura do seu papel como intermediario honesto, o enfoque máis imparcial da UE axudou a apoiar ás lexítimas reivindicacións palestinas.

Polo tanto, é posible falar sobre un **“acervo político europeo”**⁽⁹⁾ en relación co conflito árabe-israelí baseado na **afirmación de directrices conceptuais** (paz xusta, autodeterminación palestina, solución de dous Estados, etc.) e na **reafirmación do dereito internacional** (a ilegalidade das políticas de asentamento e anexión, a inadmisibilidade da adquisición de territorio pola forza, etc.). Sen dúbida, podemos criticar o papel da UE como **“actor político desdentado”** en canto á falta de liderado, visibilidade, eficiencia, consenso interno e recoñecemento internacional, pero debemos admitir que, dende 1972, **a cuestión palestina é un tema central da política exterior europea**. A fin de contas, **a UE foi máis previsor que os Estados Unidos**. A seguinte táboa resume o rexistro documental das declaracións da UE sobre a cuestión palestina e ofrece unha proba clara do meu argumento.

(9) Véxase o libro editado por Ezra BULUT- AYMAT: op. cit. en particular o artigo de Nathalie TOCCI: *The conflict and EU- Israeli relations*, pp.55-63

Conclusión

Aínda que subscribo a observación que adoitan facer os investigadores⁽¹⁰⁾ en relación á brecha entre retórica e realidade, creo, con todo, que, ás veces, **a retórica ten certo poder** e non carece totalmente de sentido. Israel enténdeo ben: basta con ler as súas vigorosas reaccións ás declaracións europeas sobre o conflito árabe-israelí.

O feito de que a UE non traducise a súa retórica en acción non se debe á inutilidade do seu discurso, senón ás limitacións institucionais, as diferenzas entre a Comisión, o Concello e o Parlamento da UE, as prioridades e memorias diverxentes dos seus Estados membros, a reticencia da UE para utilizar a súa influencia e a limitada autonomía exterior. Todos estes factores contribuíron a diminuír a capacidade da UE para influír nos acontecementos e potenciar o seu papel xeopolítico.

Na súa relación con Israel, a UE viuse prexudicada pola súa resistencia ás presións e ás sancións, co pretexto de que un compromiso construtivo é a mellor opción con Israel, que é “un dos nosos”, un membro da “familia occidental”. Esta reticencia contribuíu a unha **“cultura da impunidade”** que deixou a Israel totalmente xordo e cego. Esta compracencia europea embazou a imaxe da UE como “poder normativo” e, desde logo, non axudou ao propio Proceso de Paz.

A relación da UE coa Autoridade Palestina tamén é problemática. Ao financiar á Autoridade Palestina, a UE mantívoo á boia. Pero, ao mesmo tempo, contribuíu a crear en

(10) Tamén: Mohammad Hisham ISMA'IL: *The European Union's position towards the Palestinian cause: 1993-2009*, Instituto Doha, Documento de investigación, decembro, 2011, 35 páxinas.

Palestina unha “**cultura da dependencia**” que non favorece a transparencia e a responsabilidade.

Chegou o momento de que a UE cambie de rumbo, de estilo, de actitude, de método e de instrumentos. Canalizar⁽¹¹⁾ o proceso de paz non significa, de ningún xeito, reiniciar as negociacións, senón comprometerse coa construción da paz⁽¹²⁾ e non simplemente co mantemento do statu quo. A UE debería comprender **a centralidade xeopolítica, psicolóxica e simbólica da Cuestión Palestina** para o mundo árabe e islámico. Dada a traumática repercusión da Cuestión Palestina na rexión e fóra dela, dada a instrumentalización do conflito por parte dos réximes autoritarios así como dos movementos relixiosos radicais, e dado o seu efecto envelenador nas relacións entre Europa e o mundo árabe e, máis globalmente, entre Occidente e o mundo islámico⁽¹³⁾, unha paz duradeira e xusta en Palestina non é só un interese palestino ou israelí, ou mesmo árabe, é, sobre todo, un **interese mundial**. Por iso a cuestión dunha “paz xusta” non debe deixarse a mercé dos belicistas.

A UE debe ser máis dura con Israel **adoptando un enfoque de dereitos humanos**

(11) Véxase Sarah Anne PENNICK: *On the right track: challenges and dilemmas of EU peace-keeping in the Middle East*, Documento de traballo, JAD- Pbp n° 6, marzo de 2010.

(12) Annika BJORKDAHL, Oliver RICHMOND e Stephanie KAPPLER: *The EU peace-building framework: potentials and pitfalls in the Western Balkans and in the Middle East*, JAD- Pbp, Documento de traballo, n° 3, xuño de 2009.

(13) “O crecemento do extremismo islámico e a hostilidade sen precedentes cara a América no mundo islámico están directamente relacionados co continuo derramamiento de sangue entre israelís e palestinos. Pensar o contrario é insensato e perigoso”, en Jimmy CARTER: *Palestine, Peace and not Apartheid*, Simon and Schuster, Nova York, 2006.

para forzar unha actitude de cumprimento do dereito internacional. **Necesitamos urxentemente unha terceira Intifada, pero unha Intifada totalmente diferente ás dúas anteriores**, unha Intifada que, en palabras de Thomas Friedman⁽¹⁴⁾, “estaría liderada pola Unión Europea e outros opositores á ocupación israelí de Cisjordania en todo o mundo e que se baseará no boicot, a desinversión e as sancións⁽¹⁵⁾”, golpeando os petos de cada israelí. A UE ten certa influencia: A economía de Israel depende en gran medida das súas exportacións a Europa e dos investimentos europeos nas súas industrias de alta tecnoloxía. Segundo o ministro de Finanzas israelí, Yair Lapid, citado por Thomas Friedman, “incluso un boicot limitado que frease as exportacións israelís a Europa nun 20% custaríalle a Israel máis de 5.000 millóns de dólares ao ano e miles de postos de traballo”.

Os fondos de investimento e as grandes empresas xa decidiron retirar os seus investimentos dos grandes bancos e empresas de Israel. Os sindicatos e un gran número de universidades participan na campaña de boicot, non para deslexitimar ao propio Estado de Israel, senón para “facérllle sentir moralmente inseguro”⁽¹⁶⁾. A UE debería facer entender aos israelís que a impunidade acabou, que non están por riba da lei internacional, e que seguir construíndo asentamentos e humillando implacablemente aos palestinos está a embazar a imaxe de Israel, frustrando aos seus amigos e dando enerxía aos defen-

(14) Thomas FRIEDMAN: *The Third Intifada*, *International New York Times*, 6 de febreiro de 2014, p 7.

(15) Omar BARGOUTH: *Boycott, Désinvestissement, Sanctions, DBS contre l'apartheid et l'occupation da Palestine*, Tarik Editions, Casablanca, 2012, 190 p.

(16) Thomas FRIEDMAN: artigo citado, 6 de febreiro de 2014.

sores do boicot. A invasión de Ucraína polo exército ruso (febreiro de 2022) e a resposta inmediata da UE deron a proba de que **a UE pode actuar como actor xeopolítico**. Debería reaccionar, do mesmo xeito, ante a ocupación ilegal israelí dos territorios palestinos e árabes.

Máis que nunca, **a cuestión palestina segue sendo unha proba de lume para a credibilidade**, a coherencia e a consistencia da UE. Se a UE non cumpre, non só desacreditarase a ela mesma, senón que **a solución dos dous Estados, da que a UE é firme defensora, pode converterse simplemente nun exercicio de fantasía**.

4.3. China en 2022: institucións, liderado e pobo.

Por Raquel Isamara León de la Rosa

Durante os últimos anos, a República Popular da China festexou unha serie de eventos chave na historia da súa confirmación e da construción do seu sistema político, como é o caso do 2021 e a conmemoración dos 100 anos da creación do Partido Comunista de China. Este artigo rescata estas prácticas dende o goberno de Beijing no caso do ano 2022. Isto para identificar a axenda política de China a partir do que serán as reunións da Asemblea Popular Nacional (APN) neste ano e no 20º Congreso do Partido Comunista de China.

A Asemblea Popular Nacional, o Congreso do partido e a política chinesa

Dentro da estrutura política chinesa e a súa normativa, a figura da Asemblea Popular Nacional (APN) é un órgano conformado por

case tres mil representantes e é considerado a máxima instancia legislativa e dentro dos seus membros búscase introducir a todo o pobo chinés. Neste último punto, a APN permite nun número limitado dar voz a “representantes que non son membros do Partido, que inclúe a expertos técnicos e membros de partidos de pequenos aliados” (Observatorio Parlamentario, 2011).

A APN reúnese cada marzo nunha sesión para fixar a ruta da política do país, a cal é impulsada polo presidente e dende o seu discurso inaugural pódense identificar cales serán os puntos de axenda e acordos para determinar ou continuar co establecemento do plan quinquenal en quenda.

Por outra banda, o partido posúe o seu congreso, realizado xeralmente cada outubro de maneira anual. Esta reunión xera a directriz partidista, que á súa vez inflúe ás institucións gobernamentais como a APN. Dende este órgano emerxe o líder máximo da política chinesa.

Cara as dúas sesións e o congreso

Dende fai meses, comezouse a xerar especulación sobre o 2022. Neste caso, a través do discurso de fin de ano de Xi, sinalouse o que a 20º APN sería: “o maior evento da vida política do partido e do país” (Tan, 2022).

Isto é debido a que, no congreso de fin de ano, realizarase a ratificación de Xi Jinping para un mandato máis. O 2021 representou o ano do partido e os seus pensadores ao longo da historia; agora no 2022 búscase puntualizar nas “accións prácticas”, é dicir, en visibilizar os logros, dende a lóxica partidista, no pobo chinés.

“Rexuvenecendo” o discurso do pobo

Como se menciona no apartado anterior, lexitimar as accións políticas de China,

baixo a idea da transición do 2021 ao 2022, convértese nun eixo claro onde se busca “rexuvenecer” a idea do pobo como base do actuar da clase política chinesa. Neste senso, esta sesión significa outra transición, que é a do terceiro mandato de Xi Jinping. Polo tanto, toda esta estrutura discursiva aproveita o contexto nacional e internacional para reafirmar no pobo e os órganos nos que ten representación o liderado de Xi.

Se ben no segundo mandato de Xi Jinping foi sinalado pola crítica coma un período de clara limpeza dentro dos cadros do partido, tamén é importante sinalar que, dentro deste mesmo momento, introdúcese o pensamento de Xi dentro da filosofía do partido. Desta maneira é así como a nivel interno, alén da posición chinesa dos últimos anos, Xi xerou as institucións que lle permiten, dende o discurso, chegar ás sesións en mazo como gran estadista e ao congreso como gran filósofo na construción da China contemporánea.

O contexto pandémico e internacional permitiron reafirmar esta idea a través de como se utiliza e socializa a información coa poboación. Neste caso, a nivel social hai unha serie de puntos que axudan a isto. Primeiro, hai que identificar como sen importar a pandemia, os logros económicos e de innovación en China axudaron a reafirmar a idea de desenvolvemento dende unha visión economista onde, a través de datos macroeconómicos e cooperación, Beijing toma o seu lugar como un actor protagonista e inserido na axenda internacional vía combate á pobreza e estra-
 texias claras de cooperación no combate da pandemia. Sendo isto a conxunción dun discurso e accións eficientes nun mundo pandémico que deixou ver aínda máis a brecha entre países. A nivel interno, alén do debate en

termos de dereitos, sobre o uso de intelixencia artificial para a vixilancia da cidadanía, a pandemia permitiu xustificar a creación dun búnker dentro do territorio chinés en prol de fortalecer cercos sanitarios e buscar a erradicación do SARS-CoV-2, sendo isto socializado como parte dos compromisos do goberno de Xi co pobo e a súa misión co resto do mundo.

Dentro da clase política chinesa é claro que o manter o modelo de desenvolvemento chinés segue sendo o eixo de supervivencia do aparello estatal. Ante isto, a idea de rexuvenecer a identidade nacional chinesa non so implica a bonanza económica, as expectativas de crecemento continuo do país, a erradicación da pobreza e o control da pandemia dentro do territorio chinés, senón tamén inclúe xustificar a pertenza do ideas de “unha soa China”. Nesta construción teórica romántica da figura de “Xi DaDa”, de maneira constante o presidente Xi chamou á unificación de toda a nación chinesa, sendo o tema Taiwán un obxectivo claro neste terceiro mandato. De igual maneira, este paternalismo perfílase visibilizar ante a opinión pública a necesidade da acción de Beijing en Hong Kong, vendo a incapacidade de controlar os últimos brotes da COVID nesta Rexión de Administración Especial.

Conclusión

A modo de conclusión, é importante sinalar o clave que é o 2022 para Xi, pois os acontecementos determinarán como será o inicio do terceiro mandato e, sobre todo, se será a consolidación do seu liderado ou non.

Referencias bibliográficas

- Observatorio Parlamentario (2011). La Asamblea Popular Nacional China: Sus características. <https://www.bcn.cl/observatorio/asiapacifico/noticias/carac->

teristicas-asamblea-popular-nacional-china

- Tan, CK. (1 de xaneiro de 2022). “Xi says 2022 party congress will be major event for China’s politics”. Nikkei Asia. <https://asia.nikkei.com/Politics/Xi-says-2022-party-congress-will-be-major-event-for-China-s-politics>

4.4. A Diplomacia Olímpica nun mundo en Pandemia: De Tokio a Beijing.

Por Pan Zhen e Lan Bo

A definición de *diplomacia* aos ollos dos académicos chineses modernos

A palabra diplomacia provén do francés *diplomatie*, que á súa vez deriva do latín *diploma*. Na época imperial romana, orixinalmente era “carta dobrada en dúas partes” para demostrar a identidade do titular e para aqueles funcionarios que se dirixían a outro país ou provincia dun Imperio. É dicir, *Diploma* como a carta de recomendación emitida polo Estado, outorgada a persoas que viaxaban ás provincias. Cara a finais do século XVIII, comezaron a utilizarse os vocábulos *diplomatie*, en Francia, e *diplomacy*. A diplomacia é o procedemento ou a arte de conducir as relacións internacionais entre Estados soberanos e independentes sobre unha base de igualdade soberana, ás veces bilateral e ás veces multilateral, entre gobernos. A práctica diplomática contemporánea pódese distinguir en oito formas segundo as perspectivas modernas chinesas: a diplomacia bilateral, a diplomacia *ad hoc*, a diplomacia directa e aquela chamada multilateral, así como a diplomacia *soft power* e a diplomacia pública, etc.

A importancia dos Xogos Olímpicos modernos para toda a humanidade

Os antigos Xogos Olímpicos foron abolidos por razóns relixiosas e políticas no ano 393 d.C. No foi ata 1852 e 1892, grazas aos esforzos do arqueólogo alemán Ernst Robert Curtius e do pedagogo e historiador francés Pierre de Coubertin, que estes xogo deportivos grego renaceron no mundo moderno. Aínda que os Xogos Olímpicos entraron nun estraño círculo no que todas as súas actividades estaban postas para conseguir beneficios económicos dende o ano 1984, Xogos Olímpicos por Los Ángeles (Estados Unidos), o seu concepto humanístico nunca cambiou substancialmente: a procura de maior velocidade, altura, forza e unidade, así como a paz e a amizade mundiais.

A Diplomacia Olímpica en Tokio

Con todo, en 2021, debido á pandemia da COVID-19, os Xogos Olímpicos de Tokio convertéronse nos primeiros na historia moderna que non se puideron celebrar debido a factores non bélicos (os Xogos Olímpicos de 1916, 1940 e 1944 suspendéronse debido á Primeira e Segunda Guerra Mundial). Con esta circunstancia, Tokio non puido demostrar o “**efecto de focalismo**⁽¹⁾” na diplomacia que se esperou da organización desta actividade, e o seu impacto diplomático no mundo real foi moi limitado.

Aínda que o goberno xaponés promocionara moito nas principais comunidades internacionais, os resultados diplomáticos reais foron escasos. En comparación cos Xo-

(1) O efecto de ancoraxe ou efecto de focalismo é un nesgo cognitivo que describe a tendencia humana común a confiar demasiado na primeira información ofrecida (a áncora) ao tomar decisións. Durante a toma de decisións, a ancoraxe ocorre cando as persoas usan unha información inicial para emitir xuízos posteriores.

gos Olímpicos doutras cidades, en 2012, uns 80 representantes de nivel de xefe de Estado asistiron á cerimonia de apertura de Londres; en 2016, 40 xefes de Estado do mundo asistiron aos Xogos Olímpicos de Río de Xaneiro, a pesar do brote de o virus do Zika (ZIKV). Con todo, só 12 xefes de Estado internacionais visitaron Tokio, a asistencia foi a máis baixa dende hai medio século.

Débase destacar, no principio, o presidente surcoreano Moon Jae-in tamén considerara asistir a Tokio e tentar conversacións con Yoshihide Suga, o primeiro ministro xaponés, pero o goberno de Xapón rexeitou certas peticións previas de Corea e mentres tanto o Enviado Extraordinario e Ministro Plenipotenciario Xaponés en Corea do Sur insultou ao presidente surcoreano nunhas declaracións públicas. Non só Corea do Sur non asistiu á cerimonia de apertura, senón que as relacións diplomáticas entre os dous países crearon desconfianza durante tal tempo.

Pode dicirse que Xapón, o país anfitrión, viuse afectado pola epidemia e non gozou dos dividendos diplomáticos olímpicos, nin obtivo os resultados políticos, económicos e sociais esperados. Con todo, o bo desenvolvemento dos Xogos Olímpicos de Tokio aínda ofrece unha visión útil para o futuro do xogo e da comunidade humana.

Que pasará coa diplomacia nos Xogos Olímpicos de Inverno de Pequín?

A 24ª edición dos Xogos Olímpicos de Inverno arrincou en Pequín o 4 de febreiro, e aínda que a cerimonia de apertura asombrou ao mundo, Pequín viuse sometida á presión da pandemia da COVID-19 e ao boicoteo diplomático liderado polos Estados Unidos dende o punto de vista das relacións internacionais.

En canto ao primeiro, a administración

“burbullas⁽²⁾” en Xapón proporciona un bo modelo e exemplo, digno da nosa comprensión. Creo que os Xogos Olímpicos de Pequín mostrarán ao mundo un evento mixto de alta tecnoloxía e deporte. En canto ao último, a diplomacia estadounidense ao atacar a China en materia de dereitos humanos e socavar así os Xogos Olímpicos de Pequín é sen dúbida outro elaborado espectáculo político, non moi diferente da “Farsa do Tíbet” que precedeu aos Xogos Olímpicos de verán de 2008 en Pequín. Como dixeron o Presidente do COI, Bach, e o Presidente do Comité de Coordinación dos Xogos Olímpicos de Inverno de Pequín, Juan Antonio Samaranch Salisachs, un boicot político aos Xogos só castigaría aos atletas e non cambiaría a política en si. Todo o mundo ten dereito a ter as súas propias opinións, posicións e principios, e algunhas persoas poden estar ou non de acordo con certas co EE.UU.s, nese caso é aínda máis importante que os Xogos Olímpicos traten de unirnos a todos.

Resumo

En resumo, a “diplomacia olímpica” moderna é unha combinación do espírito olímpico coa diplomacia pública e a diplomacia do soft power, e o seu obxectivo debería ser promover a coexistencia pacífica entre os seres humanos e a procura dun maior espírito deportivo, que, na miña opinión, só repetiría os erros da antiga Roma se se politizase en exceso esta actividade deportiva, que é unha expresión física da grandeza do espírito humano.

(2) Burbulla: un grupo xeralmente pequeno de persoas (como membros da familia, amigos, compañeiros de traballo ou de clase) que regularmente interactúan estreitamente entre si, pero con poucos ou ningún outro, co fin de minimizar a exposición e reducir a transmisión da infección durante un brote dunha enfermidade contagiosa.

4.5. Guerra na Ucraína: a Europa fracturada.

Por Miriam Francisco

É difícil calibrar os múltiples impactos dun acontecemento mentres este continúa o seu curso. Pasaron 41 días dende que Rusia comezou a guerra contra Ucraína no momento no que se escribe este texto, e os primeiros efectos do conflito alén da situación bélica dentro da Ucraína son un *deja vú* de décadas pasadas. Unha nova Guerra Fría comezaba a implantarse nos últimos anos, pero esta tendencia acelerouse a raíz da contenda ruso-ucraína: cohesión do bloque atlantista e postura case unánime dentro da UE con respecto a Moscova. Pola contra outras grandes potencias coma China e a India non van participar da política de sancións impostas por Occidente e tampouco están dispostas a cortar as relacións co país eurasiático. Europa e Rusia están cada día máis lonxe e o único vínculo de unión, por agora, son os gasodutos. Bruxelas está disposta a deixar de importar gas e petróleo ruso, aínda que recoñeceren que non será viable a curto prazo. A ruptura vai máis alá do ámbito político e chega ao sector económico e financeiro, as cuestións relacionadas coa cultura e os deportes, a cooperación científica e tamén aos medios de comunicación. A prohibición dos medios estatais rusos (RT, Sputnik) na UE foi polémica e o xefe da diplomacia europea, Josep Borrell, apuntou a creación dun mecanismo para combater a desinformación. Pola súa banda Moscova aprobou unha lei que castigará con ata 15 anos de cárcere a quen difunda noticias falsas sobre as accións do exército ruso. Se ben é certo que a prensa opositora en Rusia tiña que lidar cunha gran presión das autorida-

des, na UE sempre se mantivo, polo menos a nivel discursivo, a máxima da liberdade de expresión. O acontecido con medios estatais rusos, acusado de realizar propaganda, é un precedente perigoso que pode ir máis lonxe da situación actual.

O efecto das sancións non se pode analizar con todos os elementos de xuízo porque aínda non pasou o tempo necesario para estudar todos os seus efectos. A pesares de que o rublo ruso se estabilizou polo de agora e previsible que a economía rusa teña problemas no futuro e tamén a zona do euro. A vinculación comercial era moi importante para ambos.

A arquitectura de seguridade en Europa vixente dende o final da Unión Soviética xa non existe. Asistimos a un proceso de rearme de todos os estados. Destaca a decisión da Alemaña para aumentar o seu gasto en Defensa e revisión da lealdades militares de países coma Finlandia ou Suecia, cuxas mandatarias formulan a posibilidade dunha eventual unión a OTAN. Ademais, a presenza militar dos Estados Unidos aumentou por mor da invasión.

Hai certa unanimidade sobre o papel militar que está facendo Rusia nesta guerra. A maioría de expertos militares sinalan que Moscova non acertou na súa estratexia de conquista, con todo, aínda pode alcanzar uns obxectivos militares e políticos que sexan suficientes para o liderado deste país.

O Ministerio de Defensa da Federación Rusa anunciou que a primeira fase da “operación militar especial” xa concluíra e o seguinte paso é a “liberación” do Donbass. No borde leste do río Dniéper, que divide o territorio ucraíno, está a prepararse o escenario para unha gran batalla entre dous estados,

entre dous veciños. Quizais sexa o enfrontamento definitivo que poña fin a guerra, pero hai poucas certezas agora mesmo sobre a duración deste conflito. As forzas rusas que rodeaban a capital ucraína, Kíiv, e ocupaban sectores claves no norte do país diríxense a Donetsk e Luhansk, unha zona onde o exército ucraíno, despois de oitos anos en guerra cos secesionistas, construíu unha boa infraestrutura defensiva. Será un combate duro.

Unha guerra en Europa, unha guerra entre países, provocou que vello continente tivese que espertar pola forza dunha especie de somnolencia despois de varias décadas vivindo nun espellismo de paz constante. A memoria dos europeos, cada vez máis curta, xa esquecera os terribles sucesos de Iugoslavia nos anos 90. As guerras no Oriente Próximo, en África ou en Asia estaban demasiado lonxe, ou iso parecía, e a percepción da realidade acotada as fronteiras do “primeiro mundo” impediron ver para a gran maioría a posibilidade de chegar a este punto. Pero aquí estamos.

O conflito no leste da Ucraína entre Kíiv e os secesionistas apoiados por Moscova pasaba desapercibido para a maioría dos cidadáns europeos e tamén para un gran parte dos ucraínos. Despois de oito anos de loita no Donbás o interese mediático era escaso. A vía diplomática dos Acordos de Minsk II non era un mecanismo que as autoridades ucraínas quixesen aceptar. Antes da invasión altos funcionarios da Ucraína destacaban nas súas declaracións públicas a necesidade de acadar un novo documento. Moscova non estaba disposta a establecer outra ruta para unha solución pacífica. Finalmente cando Putin firmou o recoñecemento da independencia de Donetsk e Lugansk, Minsk II deixaba de

existir. Era o 21 de febreiro, tres días antes da declaración de guerra.

Mentres a guerra sigue, Putin e Volodímir Zelenski, aceptaron manter un diálogo e designaron delegados para buscar un acordo. As negociacións entre as partes pasaron xa por varias rondas sen resultados demasiado tanxibles. A paz vai ser custosa para a Ucraína, pero tamén para o conxunto da Unión Europea e para a propia Rusia.

O máis probable e que as fronteiras ucraínas cambien de novo, xa o fixeron en 2014 coa anexión rusa da península de Crimea. Segundo as declaracións dos líderes das auto-proclamadas Repúblicas Populares de Donetsk e Luhansk (DNR/ LNR polas súas siglas en ruso) o propósito e que todo o territorio do óblast (rexión) quede baixo o seu control. Antes da invasión os separatistas de DNR / LNR non controlaban todo o territorio dos óblast homónimos, aínda que na súas constitucións, referencia xeográfica finalmente adoptada tralo recoñecemento de ambas Repúblicas por parte de Moscova, se aludía precisamente ao límite completo, tamén da parte baixo control de Kíiv. Non habería que descartar a posibilidades de que finalmente estas dúas Repúblicas se integrasen definitivamente en Rusia, tal e como sinalaron Denis Pushilin, xefe de Donetsk e tamén representantes de Luhansk. Non son os únicos territorios que manifestan esta aspiración, o presidente de Osetia do Sur, Anatoly Bibílov, rexión de facto independencia de Xeorxia, anunciou o seu desexo de integrarse en Rusia.

A guerra que Rusia iniciou contra Ucraína deixará a súa pegada nas próximas décadas. A tensión aumentou en Europa e a OTAN pasou da morte cerebral como dixera o presidente francés Macron a unha revitaliza-

da ante a “ameaza” de Rusia, segundo afirmaban dende a organización nos últimos anos. Con todo é preciso ter en conta que Occidente non é toda a comunidade internacional e Rusia aínda conta con aliados importantes.

5.

Reflexións transversais 2020-2021

5.1. *Glasgow 2021: A fenda entre as palabras e a acción climática.*

Por Xosé Veiras

Para o secretario xeral da Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Petteri Taalas, 2021 será lembrado pola temperatura récord de case 50 °C rexistrada en Canadá, as enchentes mortais en Europa e Asia e as secas que castigaron partes de África e América do Sur. O clima estase a tornar máis quente e extremo rapidamente, con consecuencias que serán tanto máis devastadoras canto máis aumentar a temperatura. Cada décima de grao conta moito.

No 2021 foi o sétimo ano consecutivo no que a temperatura media global superou en máis dun grao os niveis preindustriais (1850-1900). Xa atinximos un aumento de 1,11 °C, o que nos sitúa preto do limiar dos 1,5 °C que a comunidade científica aconsella non superar para previrmos unha catástrofe climática. O Acordo de París, o pacto climático global acordado en 2015, pretende limitar o quecemento a 1,5-2 °C. Un obxectivo ambicioso para un acordo feble, nomeadamente no referido ao límite inferior de 1,5 °C, introducido na “derradeira hora do derradeiro día”, após

o teimoso labor diplomático dalgúns dos países do Sur global máis vulnerábeis a unha emerxencia climática da que non son en absoluto responsábeis.

Na primeira parte do seu sexto informe de avaliación, divulgada en agosto, o Grupo de Expertos e Expertas da ONU sobre Mudanza Climática (IPCC polas súas siglas en inglés) advertiu que, de non se iniciar xa unha rápida e drástica redución das emisións de dióxido de carbono (CO₂) e outros gases de efecto invernadoiro a escala mundial, é probábel que o incremento da temperatura media chegue aos 1,5 °C no inicio da década de 2030.

Segundo os cálculos do Global Carbon Project (GCP), o decrecemento económico provocado pola Covid-19 fixo caer as emisións globais de CO₂ procedentes da queima de combustíbeis fósiles un 5,4% en 2020 con respecto ao ano anterior. Para o quecemento global non exceder os 1,5 °C, requiriríanse reducións anuais comparábeis ao longo da presente década, para avanzarmos ao ritmo certo cara ao logro da neutralidade climática (emisións iguais a absorcións pola natureza) a mediados de século. O que nos dá unha idea tanto do tempo perdido como da magnitude e rapidez das transformacións socioeconómicas necesarias. Unha auténtica revolución que a día de hoxe semella lonxe. A proxección do GCP para 2021 apunta a un medre das emisións dun 4,9%, regresando polo tanto a niveis prepandémicos. O “orçamento de CO₂” ao que a humanidade se debería axustar equivale a tan só 11 anos máis de emisións ao ritmo de 2021.

A COVID-19 provocou unha queda temporal das emisións, á custa de moito sufrimento humano, mais tamén influíu negativamente no decorrer das negociacións entre

estados para a aplicación do Acordo de París. Por un lado, dificultando as reunións técnicas e políticas. Por outro, freando unha vaga sen precedentes de mobilizacións sociais polo clima impulsada pola “xeración Greta”, que puxo en evidencia o enorme déficit de acción climática e incrementou a presión sobre gobernos e corporacións.

Finalmente puido celebrarse o habitual cumio climático de finais de ano, que desta vez acolleu a cidade escocesa de Glasgow. Foi a vixésimo sexta reunión da conferencia das partes (COP26) da Convención marco da ONU sobre Cambio Climático, en vigor desde 1994 e ratificada pola práctica totalidade dos estados. Un cumio máis cuxos resultados, sen seren totalmente desprezábais, ficaron moi aquén do necesario.

Con motivo da COP26, os estados reafirmaron ou actualizaron os seus compromisos voluntarios de diminución das emisións de gases de invernadoiro, as chamadas contribucións determinadas a nivel nacional (NDC polas súas siglas en inglés), o núcleo do Acordo de París.

Infelizmente, non desapareceu a fenda existente entre os obxectivos para 2030 e a aspiración de limitar o quecemento a 1,5 °C. No caso de todos os compromisos actuais se cumpriren, estaríamos probabelmente nunha traxectoria de aumento duns 2,4 °C para finais deste século, segundo a estimación da iniciativa *Climate Action Tracker*. En 2030 as emisións duplicarían as compatíbeis co obxectivo dos 1,5 °C. Este é o principal indicador do fracaso da COP26.

Todos os gobernos estatais deben aumentar a súa ambición climática, incluído o español. Algo recoñecido pola propia COP26 no *Pacto Climático de Glasgow*, unha ampla

e novidosa declaración política que constituíu un dos principais resultados do cumio. Este documento, adoptado por unanimidade como é norma nas COPs, insta os estados a “revisar e fortalecer” os seus obxectivos de recorte de emisións antes do fin de 2022. Tamén lanza un proceso de diálogo formal sobre compensacións polas “perdas e danos” causados polos efectos inevitábeis dunha crise climática que está a golpear primeiro e máis forte aos países empobrecidos e, polo tanto, con baixas emisións actuais e históricas. Unha cuestión que está emerxendo como un dos principais elementos de disputa a medida que se agrava a disrupción climática. Os estados máis vulnerábeis lamentaron o bloqueo por parte dos EE. UU. e a UE à creación dun fondo específico durante a COP26.

A mitigación da crise climática precisa ante todo que comecen a diminuír, de xeito rápido e sostido, a produción e o consumo globais de combustíbeis fósiles. Porén, estes son “o elefante no cuarto” nas negociacións climáticas e persiste unha enorme fenda entre a extracción de carbón, petróleo e gas planificada polos gobernos dos países produtores e o Acordo de París. A edición de 2021 de *The Production Gap*, un estudo do Programa das Nacións Unidas para o Ambiente e diversos institutos de investigación, estima que as extraccións en 2030 máis que duplicarían as compatíbeis co obxectivo dos 1,5 °C. Non é de estrañar pois que fose recibido como un avance simbólico o posicionamento da COP26 a prol da redución do uso do carbón, o combustíbel fósil que cómpre abandonar antes, ao ser o máis intensivo en emisións.

Foi precisamente a queda abrupta da produción eléctrica con carbón, por causa da suba do prezo do CO₂ no mercado europeo

de emisións, o que recortou as emisións territoriais de Galicia nunha cuarta parte en 2019 con respecto a 1990. Non foi algo desexado e procurado pola Xunta, mais permitiu á conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, ir a Glasgow para anunciar na COP26 a elevación do obxectivo galego de redución das emisións até o 55% en 2030. Mais resta aínda por concretar a folla de ruta para o conseguir.

5.2. Criptomoedas, burbulla ou revolución?

Por Isaac González

Unhas moedas dixitais sacadas da nada, controladas por ninguén ou por non se sabe quen, acadan unha valoración de arredor dos 2,5 billóns de Euros a finais de 2021. Sendo tan só dous anos antes de 0,2 billóns de Euros. Por comparar, o PIB de Galicia é 0,06B€. Pero é que apenas doce anos antes, simplemente non existía nada semellante.

A principal e mais coñecida criptomoe-da, o Bitcoin, representa arredor do 40% do valor total das criptomoe-das. E para o seu funcionamento precisa dun consumo eléctri-

co xigantesco. No 2021 consumiu 130TW/h, algo máis que o consumo total de Noruega e perto xa do consumo da minería do Ouro.

Neste 2021 vimos tamén como chegaba á esfera pública un novo concepto, os *NFTs*. Unha especie de comprobante de propiedade que fixo que se vivira unha espiral especulativa, chegando a pagar auténticas fortunas por simples debuxos de macacos, tweets ou obras de arte dixital. Calquera destas obras pódese ver libremente por internet ou mesmo descargar con tres “clicks” de rato.

Por se isto fora pouco, no mesmo ano tamén chegou o concepto de *Metaverso*. Unha especie de mundo virtual no que as criptomoe-das, os *NFTs* e as identidades dixitais se mesturan. Non hai unha definición clara do que é nin o que vai ser; pero mesmo a propia compañía Facebook renomeouse como Meta a xeito de declaración de intencións do que esperan converterse no futuro.

Todo este barullo de informacións económicas e tecnolóxicas atraeron, especialmente no 2021, a moita xente en busca de lucros rápidos. As redes enchéronse de promesas, anuncios e mesmo estafas que tiñan como protagonistas o novo “*El dorado crypto*”. Ademais, chovía sobre mollado, Bitcoin



é coñecido dende hai tempo por ser utilizado para fins ilegais dado o seu anonimato.

Gañando perspectiva

Todo o dito anteriormente é certo, de feito, é probablemente a versión da historia mais coñecida. Pero que hai detrás destas cifras, termos e titulares abraiantes? Que hai detrás da euforia, da especulación e do fume? Primeiro vexamos como chegamos ata aquí.

No 2008 publícase un artigo definindo unha moeda dixital baseada en criptografía chamada Bitcoin, viña asinado por un alcu-me, Satoshi Nakamoto, que aínda hoxe non se sabe quen é. Un ano despois Satoshi publica o software en código aberto. Isto permite que calquera persoa pode utilizalo para facer parte da rede de Bitcoin, os famosos mineiros. Bitcoin é a primeira moeda descentralizada, isto é, non controlada por unha autoridade central, que permite que calquera a use ou faga parte dela.

Cun nacemento tan estraño, un podería pensar que non duraría, mais Bitcoin leva mais dunha década funcionando sen descanso as 24 horas do día. Demostrada a súa valía técnica; iso si, quedaba por demostrar se unhas moedas dixitais inventadas terían algún tipo de valor. Pode parecer contraintuitivo mais a realidade é que as cousas teñen o valor que os humanos lle damos, que normalmente non ten moito que ver co seu valor intrínseco. O ouro pode ser unha boa referencia, pois non é mais que un metal “bonito” mais serviu historicamente como referencia. Será o Bitcoin o ouro dixital? Non sabemos o futuro pero a idea de poder utilizar “diñeiro” sen intermediarios como bancos e bancos centrais comezou a verse atractiva por un número non pequeno de persoas.

No 2013 un rapaz chamado Vitálik Buterin pensou que a tecnoloxía utilizada para crear Bitcoin, a chamada cadea de bloques ou *blockchain*, podería ser modificada e ampliada. En lugar de xestionar unha moeda, podería crearse para executar calquera código informático de forma descentralizada. É dicir, que unha vez que o código se puña en marcha sobre a *blockchain*, nin os seus creadores poderían para a súa execución. A isto déuselle en chamar contratos intelixentes ou *Smart Contracts*, referíndose a que unha vez chegamos a un acordo, este levaríase adiante si ou si. Nació *Ethereum*, a cadea de bloques que permitía a calquera crear a súa propia criptomoneda, o seu propio *NFT*, a súa propia aplicación descentralizada (dapp), organizacións autónomas descentralizadas (DAOs), financiar proxectos (ICO/STO), redefinir por completo o sistema financeiro (DeFi) e moito máis.

A descentralización é quizais a idea mais relevante deste novo mundo. Consiste en que nunha relación se lle quite o poder de arbitrariedade a ambas partes, definindo o acordo sobre unha *blockchain* que o levará adiante en calquera circunstancia. Por exemplo, gmail pode unilateralmente quitarche o acceso ao correo, o banco pode subirche as comisións unilateralmente ou o catastro pode mudar a información da túa propiedade. Na *blockchain* esa relación está definida nun contrato intelixente que ningunha das dúas partes pode modificar.

En resumo, a *blockchain* muda servizos por protocolos abertos, interoperables, trazables e non permissionados; dentro dunha rede dixital que permite o intercambio de información pero tamén (e isto é novo) o intercambio de valor.

Burbulla ou revolución

A bolsa en moitas ocasións non reflicte a valoración actual dun valor, senón que reflicte as expectativas futuras dese valor. É lóxico, se o investimento é de medio ou longo prazo o investidor ten que estimar cal será ese futuro. O problema é cando esas expectativas están moi infladas, entón as valoracións poden dispararse e poden non coincidir con ese futuro, formando unha burbulla. Esta tendencia é, con mais ou menos intensidade, habitual cando unha nova tecnoloxía chega ao mercado, como ben reflicte a curva de Gartner (Gartner Hype Cycle).



Hai burbulla nas criptomoedas? A “burbulla das puntocom” creou arredor do 2000 unhas valoracións esaxeradas en base a unha tecnoloxía disruptiva, internet. Podería ser este o caso das criptomoedas. Por outra banda, as compañías mais importantes das últimas décadas (Google, Apple, Amazon, Microsoft) son en boa parte produto daquela tecnoloxía e o seu crecemento é tan xigantesco que ata poderían asemellar unha burbulla. Así que mentres non estoure, podemos especular pero non afirmar que as criptomoedas son unha burbulla.

Hai revolución nas criptomoedas/*blockchain*? Son unha tecnoloxía que afecta á ferramenta mais importante para a supervivencia do ser humano moderno, o diñeiro.

E non só. Porque ademais interconecta esa nova rede dixital de valor coas redes dixitais de información (a este fenómeno déuselle en chamar a web3.0), permitindo redefinir actividades humanas fundamentais. Tal e como lle pasou a internet, o camiño non vai estar exento de riscos e problemas, as mais das veces, alén do tecnolóxico. Mais se pode mudar aspectos tan relevantes do ser humano, ten trazas de revolución.

Futuro

Unha das grandes claves que determinará a importancia da tecnoloxía é a súa adopción, tanto a nivel individual, empresarial e da administración pública. Nese senso, estas ferramentas teñen a materia pendente da mellora da usabilidade, a seguridade e saír do espazo experimental para ofrecer maiores certezas. A identidade e as organizacións (DAOs) creadas sobre *blockchain*, cobrarán especial importancia a medida que a adopción e madurez técnica mellore. Profundarase nas recen nadas tendencias como as finanzas descentralizadas, a propiedade mediante *NFTs*, a industria dos videoxogos, o concepto de metaverso, a financiación de proxectos, a tokenización de activos...

A existencia de diñeiro dixital descentralizado e de aplicacións descentralizadas, ambos transnacionais e anónimos, van ser un desafío moi importante para os estados; actuais garantes da xestión monetaria. É de esperar, un especial empeño na regulación, pero tamén a creación das CBDCs (Central Bank Digital Currencies), é dicir, engadir tecnoloxía de cadea de bloques ás moedas tradicionais. Isto suporá un cambio radical na estrutura intrínseca do diñeiro e súa reacción cos cidadáns, probablemente con consecuencias enormes e difíciles de albiscar.

Botar a vista só dous anos atrás no ecosistema *blockchain* é mirar un mundo completamente diferente ao de hoxe. É por iso que botar a vista cara adiante é un atrevemento intelectual. Mais a seguinte afirmación si semella ser pouco arriscada. Isto só está comezando.

5.3. A pandemia loxística.

Por Alejandro Molín

No últimos tres anos falar da cadea de subministración internacional, da loxística global foi unha mestura de meteoroloxía (a tormenta perfecta) e de enfermidade.

Tivemos distintas ondas, vivimos a primeira como resultado da pandemia, COVID-19, orixinada pola paralización da actividade humana nunha boa parte do mundo e ao mesmo tempo a necesidade de abastecer ao mundo dos bens necesarios (alimentos, medicinas, enerxía...) con momentos xa esquecidos pero que foron fitos relevantes (a falta de máscaras, respiradores, xel, papel hixiénico...) asaltos a nivel internacional, roubos nos aeroportos, batallas entre distintos países e administracións.

Nesta primeira onda empezaron tamén as ameazas de desabastecemento en moitas industrias (automoción, informática, a falta de chips...) e os problemas co transporte internacional (paralización portuaria, subidas desmesuradas de prezos...).

Outra seguinte onda, na que empezamos a ver un certo nivel de cooperación internacional (vacinas, tratamentos...) tamén coa crise do *Ever Given* na Canle de Suez, que nos mostrou novamente a vulnerabilidade da nosa cadea de subministración (perdas nun

día de máis de 10 000 mm de USD) coa paralización novamente de sectores industriais, portuarios...

Máis adiante tivemos os bloqueos portuarios en China, EE. UU., algúns países europeos, falta dalgunhas materias primas, subidas brutais de custos da enerxía...

Para non facelo longo, neste momento volven confluír a desgraciada e brutal agresión rusa en Ucraína, cos seus efectos nun dos maiores exportadores agrícolas do mundo e as sancións a outro dos grandes exportadores de gas, petróleo e fertilizantes, que puxo de manifesto outra vez a debilidade e fragilidade do abastecemento mundial, con efectos desiguais (encarecementos xeneralizados no mundo máis desenvolvido, ameaza de fame negra e empobrecemento masivo nos menos desenvolvidos).

Ao mesmo tempo seguimos coas ondas do COVID-19, que frean a actividade en China (o gran taller do mundo).

As respostas foron puntuais e máis defensivas que transformadoras. Polo momento buscamos novos subministradores (de gas, de petróleo, de minerais...) e cando isto non é posible transiximos de forma disimulada.

As preguntas que están enriba da mesa son varias:

É posible manter o actual modelo de globalización?

Podemos seguir coas actuais cadeas de subministración?

Buscamos nestes momentos respostas sinxelas e simples, que a maior parte das veces non son factibles e que mesmo poden ameazar certos elementos positivos do modelo actual.

Hai algúns datos básicos que é importante recalcar: non son factibles procesos de

transformación global inmediatos, algúns recursos son cada vez máis escasos e non hai provedores alternativos, a división mundial de traballo non se pode improvisar nin cambiar de golpe...

Que podemos facer?

Van aparecendo certas accións ou tendencias que creo que nos levan polo bo camiño.

Por unha banda o “achegamento” que implica racionalidade e sustentabilidade, pero que necesita tempo e moitos recursos e que só pode xurdir da cooperación público-privada a nivel internacional e nacional.

A creación e fortalecemento de actores globais (certos exemplos de Europa co problema sanitario e enerxético, o fortalecemento de entidades multilaterais como a OMS, a OMC...) hai que ter capacidade e tamaño para negociar fronte a compañías e sectores con características oligopólicas e/ou monopolistas.

Hai que fortalecer estruturas cooperativas a nivel internacional, que busquen modelos máis resilientes e asertivos.

Cambios necesarios na cadea de subministración, infraestruturas, transporte...

De forma máis próxima no noso continente temos que dedicar tempo e recursos a cambiar o modelo de transporte (máis ferrocarril, máis corredores, máis conexións enerxéticas, portuarias...), para cando conectaremos o Atlántico e o Mediterráneo, Europa e África?

En relación aos modelos industriais, as sucesivas crises están a poñer de manifesto a urxente necesidade de cambiar modelos de produción electrointensivos, por outros máis sostibles.

Temos que establecer plans de continxencia que permitan responder a crise cada vez máis frecuentes e que permitan garantir subministracións críticas. As empresas e administracións teñen que reaxustar as súas políticas de inventarios para soportar mellor esas crises puntuais.

Acentúase a necesidade da dixitalización e a formación para responder mellor ao momento, racionalizar os procesos e mellorar as nosas competencias.

Nos sectores agrícolas, entre a globalización e a soberanía alimentaria, hai que buscar camiños que aseguren certos niveis de produción propia, a nivel continental (aproveitar tamén as achegas do financiamento existentes) con visión máis global (evitar a obscenidade dos excedentes) e manter intercambios máis xustos con outras partes do mundo.

En conxunto vemos que a/as crise/s actuais deben/poden ser un punto de inflexión na cadea de subministración global.

Os elementos máis perniciosos do modelo poden e deben ser revertidos a medio e longo prazo, para iso deben asegurarse non só recursos senón tamén políticas e estratexias globais. Isto esixe cambios na gobernanza mundial.

Os cambios poden e deben ser acordados a nivel internacional e isto esixirá un esforzo multinivel (local, nacional, continental e mundial).

Debemos evitar situacións irreversibles e dramatismos innecesarios, pero hai que fixar pronto obxectivos, accións, recursos e calendarios. Hai algúns sinais e exemplos positivos, imos aproveitálos.

5.4. A guerra de Ucraína e a caída da orde internacional liberal.

Por Rafael García Pérez

A crise da orde internacional liberal é obxecto de debate dende fai tempo. O auxe de potencias emerxentes, con réximes políticos iliberais que desafiaban as normas establecidas, puxo en cuestión a capacidade de EE. UU. para seguir liderando esa orde e, ao cabo, a súa propia continuidade. A invasión de Ucraína perpetrada por Rusia supón a súa ruptura dunha forma tan rotunda que dificilmente se poderá reparar.

Creado por Estados Unidos ao termo da Segunda Guerra Mundial, a orde liberal fíxose posible, na súa versión universalizada, tras o colapso do poder soviético. O presidente George H. W. Bush denominouno “nova orde mundial”. Co paso do tempo identificouse como unha “orde internacional baseada en regras”. Unhas regras fundamentadas no Dereito internacional, pero tamén nas excepcións que, de forma unilateral, atribuíronse os EE. UU. sempre que o consideraron necesario.

Tras o éxito inicial obtido coa resposta internacional á invasión iraquí de Kuwait, en 1991, a nova orde liberal nunca logrou satisfacer as expectativas que espertou. Os enfrontamentos intraestatais por cuestións étnicas, relixiosas ou ideolóxicas sucedéronse. Vellas crises rexionais permaneceron enquistadas sen atopar solución. Os atentados do 11-S abriron a porta a un intervencionismo belicista que aspiraba a cambiar a xeografía política do “Gran Oriente Medio” e que se saldou cunha retirada vergonzosa. A promesa de que a conxunción entre democracias, libre comercio e a garantía de seguridade ofrecida

polo potencial militar estadounidense auguraba un futuro de paz e prosperidade compartida non se cumpriu.

Algunhas voces argumentan que o belicismo do presidente Putin revitalizou, sen pretendelo, este declinante orde liberal. A firmeza mostrada polos aliados da OTAN e a magnitude das sancións anunciadas así o demostrarían. Pero existen razóns para pensar que a nova era proclamada en 1991 chegou ao seu fin. Algo fundamental cambiou, con consecuencias que resultan aínda difíciles de prever.

A forma en que Rusia está a levar a cabo a invasión de Ucraína e a brutalidade que mostra na súa execución evidencia un abandono deliberado das normas internacionais, pero tamén unha ruptura coas regras non escritas seguidas ata o momento a través das cales se canalizaban as excepcións ao cumprimento do Dereito internacional.

Todos os países forman parte de acordos internacionais que condenan as guerras de agresión (Resolución 3314). A Carta de Nacións Unidas prevé explicitamente o procedemento para seguir nestes casos no seu Capítulo VII que contempla, como é ben sabido, a imposición de sancións e a aplicación de medidas colectivas de forza para restablecer a legalidade internacional. O Estado agresor tamén se expón a responder ante os tribunais internacionais polos danos causados polas súas accións bélicas (artigo 5.1.d. do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional contra o crime de agresión). Ao que se suma o calibre das sancións impostas a Rusia, por parte dos países occidentais, que ameazan con arruinar a súa economía de forma perdurable.

Ata o de agora, algúns estados, principalmente grandes potencias, trataban de

subtraerse a estas normas a través de múltiples subterfuxios que, de forma xenérica, denominamos guerra híbrida. Houbo outras agresións anteriores, pero fixéronse de forma encuberta ou disfrazándoas baixo fórmulas que trataban de facelas aceptables amparándoas, nalgunhas ocasións, baixo fins humanitarios. De feito, Rusia despregou unha guerra deste tipo no leste de Ucraína dende fai oito anos e aínda que tanto a OTAN como a UE fosen plenamente conscientes da situación real aceptaron, na práctica, as sistemáticas negacións efectuadas polo goberno ruso, nun exercicio de duplicidade e dobre moral que vimos repetido noutros moitos casos.

A invasión actual pouco ten que ver coa guerra de “baixa intensidade” despregada no Donbass nestes anos pasados. A magnitude da escalada bélica entraña unha vontade deliberada de Rusia por abandonar esa dobre linguaxe e constitúe unha oposición aberta a esas normas internacionais constitutivas da orde liberal que pretendían regular a convivencia internacional.

Con independencia do resultado militar da guerra de Ucraína o sistema internacional que se estableza no futuro dificilmente recuperará a aspiración de rexerse polas regras do multilateralismo, o libre comercio e a cooperación en materia de seguridade. Fronte á aspiración global que encarnaba a orde liberal xurdirá un sistema internacional fragmentado en ordes rexionais dominadas, nalgúns casos, polo soberanismo, o nacionalismo, o proteccionismo comercial e a construción de esferas de influencia. No caso occidental, esperamos que perduren as normas e valores que encarna a vella orde liberal.

A transición da orde liberal global á orde internacional fragmentada non será conse-

cuencia exclusiva dunha hipotética vitoria militar rusa, ou do conxunto de potencias emerxentes no seu desafío á orde internacional liberal. A forma de proceder de Rusia débese, máis ben, a que esta orde deixara de ser funcional. Unha longa lista de conflitos internacionais, algúns enquistados e outros activos, así o testemuñan.

A situación que vivimos é máis complexa. Non se adapta ao esquema establecido polas teorías de Relacións Internacionais sobre transición de poder internacional segundo as cales unha potencia hexemónica é desafiada por unha potencia emerxente. Na situación actual non houbo unha potencia que defendese con rotundidade o statu quo existente. Os EE. UU., que deberían encarnar o seu principal bastión, manifestaron dúbidas sobre a conveniencia de seguir exercendo o liderado en defensa da orde liberal. Durante a presidencia de Donald Trump foron frecuentes as manifestacións públicas nese sentido, corroboradas tamén con algunhas decisións relevantes. O presidente Biden cambiou ese discurso, pero está por ver se o reverterá por completo. A posición adoptada polo trumpismo político respecto da guerra en Ucraína reflicte a forte polarización que vive o país e pode ter reflexo nas próximas convocatorias electorais, convertendo aos demócratas en “o partido da guerra”. En todo caso, EE. UU. parece deixar de falar cunha soa voz nesta cuestión.

Por outra banda, os EE. UU. tampouco contan con máis aliados, máis aló dos tradicionais que fai moito tempo perderon o rango de grandes potencias. Aínda que China fose un actor obxectivamente beneficiado pola existencia desa orde liberal, o compromiso coa súa defensa é limitado. Dificilmente tentará soste-la unha orde global con quen non

comparte os seus valores fundamentais e que non foi capaz de reformar as institucións internacionais para acomodar o seu crecente peso mundial.

A fragmentación rexionalizada da orde internacional pode ser unha solución práctica aceptable para todos os actores relevantes: que cada cal controle a súa propia esfera de influencia seguindo as súas propias normas.

En Ucraína está a decidirse onde terminan as respectivas esferas de influencia de Rusia e EE. UU. A vella orde liberal precisaba da hexemonía estadounidense para subsistir, sen ela, chega ao seu fin.

5.5. As inequidades no acceso ao dereito ao refuxio. Un chanzo máis na xerarquía das mobilidades.

Por Antía Pérez Caramés

A recente invasión da Ucraína, que re-tumba ao tempo que escribo estas notas, está a provocar unha vaga de refuxio que, como xa acontecera en 2015 coa chegada de persoas sirias ás costas europeas, volve colocar enriba da mesa a cuestión de como estamos a coidar da protección dun dereito que atende a un momento de máxima vulnerabilidade da vida humana e que debe supoñer unha solidariedade internacional inmediata e sen ambages: o dereito ao refuxio.

Resulta obvio que a acollida das persoas que foxen de guerras e conflitos, que sofren persecución, ou que viven en territorios onde non existe garantía de respecto dos seus dereitos humanos, non precisa necesariamente dun marco legal para desenvolverse. A organización rápida da sociedade en torno a iniciativas de corte sociocomunitario ante situa-

cións de conflito impresiona sempre nestas circunstancias e ocupa portadas e titulares nos medios, mais na verdade apunta á superioridade da resposta social á hora de canalizar de maneira inmediata a empatía da que, habitualmente, están máis faltas as respostas institucionais. Contamos no mundo con relevantes exemplos de Estados e territorios que non teñen asumido ningunha forma de compromiso legal nin institucional coa cuestión do asilo e que, con todo, son grandes acolle-dores de poboación refuxiada. O caso do Líbano é, neste sentido, un exemplo esclarecedor. Trátase dun país que, como boa parte do resto da rexión de Oriente Medio, non ten suscrito ningún mecanismo de protección legal á poboación que procura refuxio. Porén, conta con un millón e medio de refuxiados/as procedentes de Siria e case medio millón de Palestina, o que representa máis do 20% da poboación total do país.

Sen embargo, non deixa de ser tamén certo que, de non existir ningunha forma de recoñecemento legal no Estado ao que se acode na procura de protección, isto é, de non acompañar a resposta institucional, a acollida destas persoas e comunidades se desenvolve en condicións extremadamente precarias e inseguras, o que non fai máis que reforzar a vulnerabilidade de partida. É por isto que resulta tan relevante que o proceso de deixar un país nas circunstancias que vimos de comentar e a acollida noutro se realice nun marco no que medien dereitos para quen abandona seu país mais tamén deberes para os Estados que amparan; o que non acontece ata mediados do pasado século, en que certos países se conciencian acerca dos desastres producidos tras da II Guerra Mundial e se articulan en torno ás Nacións Unidas.

Así, o recoñecemento no artigo 18 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 do dereito ao refuxio como un dereito humano (“En caso de persecución, toda persoa ten dereito a buscar asilo e a desfrutar del en calquera país”) e a aprobación, en xullo de 1951, da Convención sobre o Estatuto das Persoas Refuxiadas, veñen ser os piares fundacionais dun sistema de protección internacional que nace baixo a aspiración de protexer as vidas humanas en situacións de conflito e persecución política. Porén, o sistema nace xa viciado e lastrado, pois nun primeiro momento xa establece unha única categoría de potenciais beneficiarios/as dese dereito: as vítimas da II Guerra Mundial no continente europeo. Así pois, o primeiro dereito ao refuxio é só un dereito recoñecido para unha pequena porción da humanidade e por unha única casuística, a guerra.

A partir de aquí, os avances en materia da protección legal internacional a quen procura asilo terán que se producir limando esta matriz eurocéntrica fundacional con vistas a expandir o rango xeográfico de acción, mais tamén as razóns polas que se outorga a protección. Neste senso, un dos progresos máis notables virá da man do Protocolo sobre o Estatuto das Persoas Refuxiadas de 1967, que levanta as barreiras xeográficas e temporais do dereito ao asilo.

Desde este momento iranse adherindo progresivamente máis e máis países no mundo a estas ferramentas baixo a aspiración de protexer as vidas humanas alí onde sexan postas en perigo. Na actualidade, son 147 os Estados signatarios dos dous instrumentos, Convención e Estatuto. O Estado español adhire a este sistema en 1978.

Asemade, entidades de corte supranacional como a Unión Europea teñen a capacidade de artellar mecanismos para regular certos aspectos do dereito o asilo para todo os seus Estados Membros. Isto estase a producir de man dun instrumento que se coñece como os Acordos de Dublín e que xa durante a anterior crise de refuxio de 2015 deixaron probada a súa rixidez e ineficacia e a súa submisión ás políticas de control das fronteiras exteriores e aos vaivéns restritivos con este dereito dalgúns dos Estados membros.

Porén, non son principalmente barreiras legais as que limitan e restrinxen o acceso ao refuxio, senón máis ben as xerarquías e as preferencias políticas por quen merece máis e antes ese estatuto. Así, a directiva de protección temporal europea que vén de activarse para facilitar o refuxio ucraíno está en vigor desde o ano 2001, polo que puido ter sido aplicada xa na crise de 2015, como demandaban naquela altura numerosas entidades que traballan no ámbito. No canto de facer isto, optouse por asinar un vergoñento acordo con Turquía para que exercese de muro de contención e descargase das obrigas de acollida aos Estados europeos.

Nun Estado como o español que no ano 2020 (últimos datos dispoñibles de acordo ao informe “Asilo en cifras” do Ministerio do Interior) tivo case 90.000 solicitudes de protección internacional e poucas máis de 4.000 concesións, esta vía rápida comunitaria ao refuxio ucraíno, unha desde logo razoable medida para atender as consecuencias humanas da invasión, está a constituír tamén unha forma de destapar as costuras das que está feita a consideración eurocéntrica das vítimas recentes e das indignas.

6.

As personaxes do ano

■ Simone Biles



Simone Biles naceu en 1986 nos EE. UU., en Florida, ten 24 anos. Nos Xogos Olímpicos de Tokio, no verán do 2021, retirouse o día vixésimo da competición. Biles gañara nos últimos catro anos, un total de dezanove medallas entre os Xogos Olímpicos e os Campionatos Mundiais, converténdose na ximnasta máis condecorada de todos os tempos, tanto da categoría masculina coma feminina. No 2021 converteuse en icona dos debates globais arredor da saúde global que sacudiron o planeta durante o 2021.

O seu episodio olímpico en Xapón durante o mes de xullo do 2021 en Tokio abriu un regueiro universal de reaccións arredor da saúde mental en xeral e da fatiga pandémica en particular. De maneira particular, alén da icona global en relación ás necesidades psicolóxicas e emocionais e a vida do deporte de alto rendemento, Simone Biles representa unha parte deses EE. UU fragmentados, así

coma esa sociedade do espectáculo viralizada, afectando á vida cotiá da nova sociedade global.

No 2021, fíxose público que foi unha das vítimas de abusos sexuais de Larry Nassar, o médico da selección estadounidense, que se calcula, abusou de máis de cen menores até que foi destituído no 2015, tralos primeiros rumores sobre os seus delitos. O 21 de setembro do 2021 Simone Biles declarou *“Culpo de abuso sexual a Nassar e a todo o sistema que o permitiu”*.

■ Olaf Scholz



Olaf Scholz naceu o 14 de xuño de 1959 en Osnabrück, ten 63 anos. O 26 de setembro do 2021 Olaf Scholz converteuse no sucesor dos dezasete anos de goberno de Angela Merkel, levando ao SPD de novo ao liderado político en Alemaña. A súa vitoria nas eleccións federais abriu unha nova etapa política nova tamén na Unión Europea. Foi nomeado novo chanceler o 8 de decembro do 2021.

Olaf Scholz vén da ala conservadora do SPD e aínda que é un político profesional levando 20 anos alternando altos cargos da administración e no partido. Foi Alcalde de Hamburgo de 2011 a 2018, e anteriormente, 2007 a 2009, formou parte do Gabinete de

Angela Merkel como ministro de Trabajo e Asuntos Sociais. En 2018 convertérase no vicechanceler e ministro de Finanzas de Alemaña.

Scholz combina o perfil de político exitoso co de político aillado da realidade cotiá, sabendo lidar con ese retrato, por agora, das mellores maneiras. Durante un debate de campaña fíxose popular o seu momento Zapatero, neste caso en lugar de sen saber o prezo do café, sen saber o prezo do combustible, no centro do furacán da vida das persoas.

A descarbonización da economía, a dixitalización e modernización do país, a mellora dos indicadores sociais, o voto aos 16 anos, a autodeterminación de xénero... viñan determinando o seu programa, que tivo que ser reorientado trala invasión de Rusia a Ucraína e que abre unha nova política militar en Alemaña que racha décadas de perfil baixo coma consecuencia da II Guerra Mundial.

Scholz representou así nun primeiro momento a alternancia en Alemaña, así coma o espírito europeísta de ámbito máis progresista, que as últimas décadas estivo lonxe do poder en Berlín e Bruxelas, mais agora, co taboleiro xeopolítico europeo lastrado polo movemento de forza de Putin, Scholz aparece como o primeiro arquitecto do exército alemán e europeo que está por vir na próxima década.

■ Xiomara Castro



Iris Xiomara Castro Sarmiento nada en Tegucigalpa o 30 de setembro de 1959 é a 56ª presidente de Honduras, ten 62 anos. Asumiu oficialmente o seu cargo o 27 de xaneiro de 2022 despois de gañar as eleccións no 2021. É a primeira muller presidenta do país, así como a primeira presidenta que non pertence a ningún dos dous partidos tradicionais, o Liberal e o Nacional, desde a reinstauración da democracia en 1982. A súa carreira política está ligada aos feminismos, mais tamén a do seu marido, Zelaya (presidente en 2006, que foi derrocado o 28 de xuño de 2009 e enviado ao exilio).

A relación cos estamentos de poder tradicionais e a nova sociedade hondureña, será fundamental para profundizar na democracia e nas posibilidades de desenvolvemento de Honduras tan fortemente ligada a inxerencias externas, corrupción institucionalizada e debilidade do Estado e sos seus servizos, dos máis básicos aos máis identitarios coma Estado, onde seguindo a estela centroamericana, o exército e a economía informal teñen asiduas relacións perigosas e sospeitosas.

Outros temas fundamentais para Xiomara serán, no rexional, a súa relación cos EE. UU. e a China, nese relacionamento con

Taiwán tan particular de Honduras. A rexionalización latinoamericana e centroamericana, sempre en curso terá tamén unha nova peza onde a OEA foi incapaz de garantir unha institucionalización de facto alternativa as iniciativas herdeiras do proceso bolivariano en Venezuela, que reforzara institucións como a UNASUR ou a ALBA.

Ademais, a violencia contra as mulleres na sociedade hondureña e a normalización institucional e cultural das minorías sexuais terán un significado especial na súa axenda. O día da súa vitoria medios dos cinco continentes destacaron que a muller segue avanzando pasos: chegará a impulsar unha Política Exterior Feminista de maneira formal para Honduras? A posibilidade de conseguir resultados estables e perdurables nos indicadores sociais aparece no primeiro chanzo da pirámide dos obxectivos a conquistar.

■ Ngozi Okonjo-Iweala



Despois de ser número 2 do Banco Mundial, a nixeriana Ngozi Okonjo-Iweala converteuse no verán do 2021 na primeira muller e na primeira africana en asumir o cargo de directora xeral da OMC. O seu mandato rematará o 31 de agosto de 2025.

Okonjo-Iweala é unha persoa excepcional, sendo coñecida como a muller récord, por ser pioneira en distintos ámbitos, especificamente no contexto de África e no mundo da economía. Foi dúas veces ministra de Finanzas de Nixeria (2003-2006 e 2011-2015) sendo tamén a primeira ministra de Asuntos Exteriores da historia en África, no 2006. Ten 25 anos de carreira como economista de desenvolvemento no Banco Mundial, onde xa alcanzara a posición de Directora xeral de operacións. Como ministra de Finanzas de Nixeria, liderou as históricas negociacións cos acredores do Club de París que resultaron na cancelación de 30.000 millóns de dólares da débeda de Nixeria, incluíndo a condonación final de 18.000 millóns de dólares.

Destaca o perfil académico de Okonjo-Iweala, licenciada en Economía *Magna cum laude* pola Universidade de Harvard (1976) e un doutoramento en Economía Rexional e do Desenvolvemento polo Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT, 1981). Recoñecida internacionalmente, ten títulos honoríficos en universidades de todo o mundo, como Yale ou o Trinity College. Representa a pluralidade das novas elites africanas.

No seu período como traballadora do Banco Mundial foi recoñecida polo apoio ao movementos de redución de débeda e de resposta a crise financeira nos países e desenvolvemento, así comoa tamén por destacadas opinións progresistas arredor do movemento LGTBI dentro da institución

Na súa elección a fronte da OMC, primou o seu perfil coma creadora de consensos e facilitadora de acordos. A revista Forbes seleccionouna entre a súa lista de mulleres máis influíntes no mundo, representando a África e a muller en movemento.

■ Volodímir Zelenski



Volodímir Zelenski naceu na República Socialista de Ucraína, dentro da URSS, un 25 de xaneiro de 1978, ten agora 44 anos. Sendo o presidente de Ucraína desde o 2019 é icona da resistencia á invasión de Rusia.

A súa vida pública comezou desde o mundo do espectáculo e o audiovisual, especificamente a comedia, construíndo unha personaxe popular durante tres anos interpretando a un profesor de historia que chega a presidente Servidor do pobo'. A serie actualmente en reposición no mundo enteiro, serviu de plataforma para un artista e emprendedor, que xa tivera outros éxitos e participacións destacadas non mundo do espectáculo e a televisión en Ucraína.



Revolucionou a política ucraniana anunciando a súa candidatura para as eleccións presidenciais de Ucraína de 2019 a noite do 31 de decembro de 2018. As súas declaracións causaron un impacto total *“Non son un político, son só un tipo normal que ven a romper o sistema”*. Un *outsider* que acabou por gañar as eleccións. Nos tres anos transcorridos desde a súa chegada ao poder existen moitas lecturas controvertidas sobre o seu papel e as súas decisións, mais irremediamente existe un consenso sobre as virtudes do seu liderado para a resistencia ucraniana, e tamén global, o que marcará a súa personaxe para a historia.

A súa relación co Donbass, as distintas familias políticas ucranianas e a propia relación con V. Putin, están no centro do legado da presidencia de Zelenski. A súa proclama inicial ao inicio da guerra ficará rexistrada nos libros de historia *“Os nosos militares están aquí. Os cidadáns da sociedade están aquí. Todos estamos aquí defendendo a nosa independencia, o noso país, e así seguirá sendo”*.



IGADI ANNUAL REPORT 2021-2022

Desorde
pandémi-
ca, inter-
depen-
dencias e
guerra



INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.gal